agroseguro

AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS
DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A.
Gobelas, 23 Tel. 91 837 32 00 28023 Madrid (ESPAÑA)

# SEGURO BASE CON GARANTÍAS ADICIONAIS PARA UVA DE VINIFICACIÓN NA PENÍNSULA E NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DAS ILLAS BALEARES

## CONDICIÓNS ESPECIAIS

De conformidade co Plan anual de seguros, aprobado polo Consello de Ministros, garántense os bens asegurables con base nestas condicións especiais, complementarias das xerais de seguros agrícolas, das que este documento é parte integrante.

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen salientadas en letra grosa, e reciben neste acto cadansúa copia.

| APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR |
| --- |
| |

Ref. de seguro colectivo ou ref. de seguro individual | | | | | | | | – | |

| NIF |
| --- |
| |

…………..………………………………, ……... de ……………………….de ………

O tomador do seguro ou o asegurado
SINATURA E SELO

# ÍNDICE

Páxina

**Capítulo I: DEFINICIÓNS ... 3**

**Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO ... 8**
1.ª – GARANTÍAS ... 8
2.ª – RISCOS CUBERTOS ... 9
3.ª – EXCLUSIÓNS ... 11
4.ª – PERÍODO DE GARANTÍAS ... 13
5.ª – ELECCIÓN DAS COBERTURAS ... 14

**Capítulo III: BENS ASEGURABLES ... 15**
6.ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN ... 15
7.ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES ... 15
8.ª – BENS ASEGURABLES ... 15
9.ª – CLASES DE CULTIVO ... 16

**Capítulo IV: CONDICIÓNS DE ASEGURAMENTO ... 17**
10.ª – PRAZOS DE SUBSCRICIÓN ... 17
11.ª – PREZOS UNITARIOS ... 17
12.ª – RENDEMENTO UNITARIO ... 17
13.ª – MEDIDAS PREVENTIVAS ... 18
14.ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS ... 19
15.ª – CONDICIÓNS TÉCNICAS MÍNIMAS DE CULTIVO ... 21
16.ª – PAGAMENTO DA PRIMA ... 21
17.ª – ENTRADA EN VIGOR ... 24
18.ª – PERÍODO DE CARENCIA ... 24
19.ª – CAPITAIS ASEGURADOS ... 24
20.ª – OBRIGAS DO TOMADOR E DO ASEGURADO ... 26

**Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN ... 28**
21.ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS ... 28
22.ª – INSPECCIÓN DOS DANOS ... 29
23.ª – MOSTRAS TESTEMUÑAIS ... 29
24.ª – VALORACIÓN DOS DANOS ... 30
25.ª – LÍMITE MÁXIMO DE DANOS ... 31
26.ª – SINISTRO INDEMNIZABLE ... 32
27.ª – FRANQUÍA E GARANTIDO ... 37
28.ª – COMPENSACIÓNS E DEDUCIÓNS ... 40
29.ª – CÁLCULO E PAGAMENTO DA INDEMNIZACIÓN ... 40

**Capítulo VI: ANEXOS ... 43**
ANEXO I – RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓNS DE COBERTURAS ... 43
ANEXO II – TIPOS DE EXPLOTACIÓN ... 51
ANEXO III – PERÍODOS DE GARANTÍAS ... 52
ANEXO IV – CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS DAS INSTALACIÓNS ... 56
ANEXO V – TÁBOAS DE VALORACIÓN DE DANOS ... 58
ANEXO VI – VIÑEDOS DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS ... 64
ANEXO VII - REVISIÓN DE RENDEMENTOS ... 70

# Capítulo I: DEFINICIÓNS

**CULTIVO EN VASO:** Sistema de condución da plantación no que os brazos da cepa se distribúen no espazo de forma libre e radial desde o tronco e os gromos e as vidras poden ocupar diferentes direccións.

**CULTIVO EN ESPALEIRA:** Sistema de condución da plantación no que os brazos das cepas se sitúan nunha dirección única e os gromos e as vidras forman un plano vertical. Para os efectos do seguro, outras formas de cultivo dirixidas asimílanse ao cultivo en espaleira.

**DANOS EN CALIDADE:** É a depreciación do produto asegurado, como consecuencia dos riscos cubertos, ocasionada pola incidencia directa do axente causante do dano sobre ese produto ou outros órganos da planta.

**DANOS EN CANTIDADE:** É a perda en peso sufrida na produción real esperada como consecuencia dos riscos cubertos, ocasionada pola incidencia directa do axente causante do dano sobre a devandita produción ou outros órganos da planta.

**Non se considerará dano en cantidade, ou en calidade, a perda económica que puider derivar para o asegurado como consecuencia da falta de rendibilidade na colleita ou posterior comercialización do produto asegurado.**

**DANO PARA INDEMNIZAR:** É a porcentaxe que resulta de deducir a franquía do dano, sempre que este superase o sinistro mínimo indemnizable.

**DANO NAS INSTALACIÓNS:** É a deterioración das instalacións incluídas na declaración do seguro, como consecuencia dos riscos cubertos, que faga necesaria a súa reconstrución ou o establecemento dunha nova instalación.

**IDADE DA INSTALACIÓN:**

**ESTRUTURA:** Anos transcorridos desde a súa construción ou desde a última reforma.

Enténdese por reforma a substitución dos elementos constitutivos da estrutura por un importe mínimo do 70 % do seu valor, sempre que se realice nun máximo de tres anos consecutivos.

**IDADE DA PLANTACIÓN:** É o número de agromados de primavera transcorridos desde a data de plantación na parcela ata a recolección da colleita asegurada**.**

Cando nunha mesma parcela coexistan cepas de diferentes idades, reflectirase na póliza a súa idade media, coa excepción dos pés.

**ESTADO FENOLÓXICO "A" - XEMA DE INVERNO**: Considérase que a xema alcanzou este estado cando se atopa case completamente cuberta por dúas escamas protectoras apardazadas e pegadas á vidra.

**ESTADO FENOLÓXICO "B" - XEMAS DE ALGODÓN:** Considérase que a xema alcanzou este estado cando se atopa dilatada, coas escamas separadas e a protección algodonosa apardazada moi visible.

**ESTADO FENOLÓXICO "I" (FLORACIÓN OU FECUNDACIÓN DAS FLORES)**: Considérase que unha inflorescencia está neste estado cando nas súas flores a corola en forma de capuchón se separa da súa base e é rexeitada cara a arriba polos estames, mentres que o ovario permanece nu e os órganos masculinos se dispoñen en forma de raios arredor del.

**ESTADO FENOLÓXICO DO GRAN "TAMAÑO CHÍCHARO"**: Cando polo menos o 50 % das cepas da parcela asegurada superasen no 100 % das bagas o tamaño de 5 mm de diámetro.

**PINTADO**: Considérase que unha parcela está neste estado cando polo menos o 50 % dos acios teña o 50 % das bagas cambiando de cor.

**EXPLOTACIÓN PARA OS EFECTOS DE CONTRATACIÓN:** Conxunto de parcelas dos bens asegurables, situadas no ámbito de aplicación do seguro, xestionadas empresarialmente polo seu titular para a obtención de producións destinadas primordialmente ao mercado e que constitúen unha unidade técnico-económica. En consecuencia, as parcelas obxecto de aseguramento, cultivadas por un mesmo agricultor ou explotadas en común por entidades asociativas agrarias (sociedades agrarias de transformación, cooperativas etc.), sociedades mercantís (sociedade anónima, limitada etc.) e comunidades de bens consideraranse como unha única explotación.

**EXPLOTACIÓN PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN:** Conxunto de parcelas da explotación situadas dentro dunha mesma comarca agraria.

**FRANQUÍA:** Parte do dano que queda a cargo do asegurado. Segundo a súa forma de aplicación, diferéncianse dous tipos:

**A) FRANQUÍA ABSOLUTA:** Aplícase restando a porcentaxe ou valor desta franquía da porcentaxe do dano avaliado sobre a produción real esperada.

**B) FRANQUÍA DE DANOS:** Aplícase multiplicando a porcentaxe desta franquía pola porcentaxe do dano avaliado sobre a produción real esperada.

**GARANTIDO:** Porcentaxe sobre o valor da produción asegurada, ou da produción base no caso de que se reducise a devandita produción por algunha das causas previstas nestas condicións, que determina o limiar por baixo do cal, se descende o valor da produción obtida tras o sinistro, se indemnizará pola diferenza entre a devandita porcentaxe multiplicada polo valor da produción asegurada, ou base, de ser o caso, e o valor da produción obtida tras o sinistro.

**INSTALACIÓNS ASEGURABLES:** Defínense os seguintes tipos de instalacións:

**A) SISTEMAS DE CONDUCIÓN:** Instalación de diversos materiais que permita a adecuada guía e soporte ás producións asegurables.

**B) CABEZAL DE REGA:** Instalación que abastece exclusivamente a explotación do asegurado, constituída por:

- Os equipos de bombeo de auga, filtración, fertilización, controladores de caudal e presión.
- Automatismos de cadro eléctrico e os seus sistemas de protección, variadores e arrancadores.

– Rede de tubaxes desde o cabezal de rega ata o punto de acceso a cada parcela.

**C) REDE DE REGA EN PARCELAS:**

**REGA LOCALIZADA:** Dispositivos de rega dispostos nas parcelas que dosifican o caudal de auga ás necesidades da planta.

**MÍNIMO INDEMNIZABLE:** Contía do dano por debaixo do cal o sinistro non é obxecto de indemnización.

**PARCELA:** Para a identificación das parcelas aseguradas teranse en conta as seguintes definicións:

**A) PARCELA SIXPAC:** Superficie continua do terreo identificada alfanumericamente como tal e representada graficamente no rexistro do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC).

**B) RECINTO SIXPAC:** Superficie continua de terreo dentro dunha parcela SIXPAC cun uso único dos definidos no SIXPAC e cunha referencia alfanumérica única.

**C) PARCELA PARA OS EFECTOS DO SEGURO:** Superficie total dun mesmo cultivo e variedade incluída nun recinto SIXPAC. No entanto:

1. Consideraranse parcelas distintas as superficies protexidas por cada instalación ou medida preventiva, con distinto sistema de condución e sistema de cultivo.
2. Se a superficie continua do mesmo cultivo e variedade abrangue varios recintos da mesma parcela SIXPAC, todos aqueles recintos de superficie inferior a 0,10 ha poderanse agregar ao recinto limítrofe e conformaren unha única parcela para os efectos do seguro, que será identificada co recinto de maior superficie.

**PLANTACIÓN:** Extensión de terreo dedicada ao cultivo dos bens asegurables que estea sometida a unhas técnicas de manexo adecuadas, concordantes coas que tradicionalmente se realicen na zona, e que tendan a conseguir as producións potenciais que permitan as condicións ambientais da zona na que se sitúe.

Diferéncianse dous tipos de plantacións:

**A) PÉS:** Plantación ocupada por barbados ou plantas enxertadas que estean no período comprendido entre a súa implantación no terreo (arraigamento) e a súa entrada en produción.

**B) PLANTACIÓN EN PRODUCIÓN:** Plantación ocupada por cepas que entraron en produción.

Considérase que unha plantación entrou en produción cando teña a idade especificada a continuación:

| Sistema de cultivo | Tipo de pé | Idade |
|---|---|---|
| Secaño | Con barbado | 4 anos |
| | Con planta enxertada | 3 anos |
| Regadío | Con barbado | 3 anos |
| | Con planta enxertada | 2 anos |

**PRODUCIÓNS:**

A) **PRODUCIÓN ASEGURADA**: É a produción reflectida na declaración do seguro.

B) **PRODUCIÓN REAL ESPERADA:** É a produción comercializable que, de non producirse ningún sinistro garantido, se obtería na parcela danada, dentro do período de garantía previsto na declaración de seguro.

C) **PRODUCIÓN BASE**: É a menor entre a produción asegurada e a produción real esperada.

D) **PRODUCIÓN REAL FINAL:** É aquela susceptible de recolección utilizando os procedementos habituais e tecnicamente axeitados. As perdas en calidade minorarán esta produción real final.

**PRODUCIÓNS ECOLÓXICAS:** Aquelas que cumpran os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2018/848, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, e estean inscritas nun consello regulador, comité de produción ecolóxica ou entidade privada de certificación debidamente recoñecida pola autoridade competente da súa comunidade autónoma.

**RECOLECCIÓN**: Momento no que os acios son separados da vide.

**REGRA DE EQUIDADE:** Redución da indemnización na mesma proporción na que se atopa a prima satisfeita respecto da que se debía de aplicar de acordo co contrato de seguro.

**SISTEMA DE CULTIVO:**

A) **PARCELAS DE SECAÑO:** Aquelas que están inscritas como de secaño no rexistro máis actualizado dos seguintes: Rexistro Vitícola, SIXPAC, calquera outro rexistro de carácter oficial que estableza a Administración.

Con independencia de como figuren no rexistro, considéranse parcelas de secaño aquelas que sexan levadas como secaño.

B) **PARCELAS DE REGADÍO:** aqueles que estean inscritas como de regadío ou regadío de apoio no rexistro máis actualizado dos seguintes: Rexistro Vitícola, SIXPAC, calquera outro rexistro de carácter oficial que estableza a Administración. Ademais, deben contar con infraestrutura de rega e coa achega da dotación de auga suficiente para cubrir as necesidades hídricas do cultivo.

**SUPERFICIE DA PARCELA:** Será a superficie realmente cultivada na parcela. En calquera caso, non se terán en conta para a determinación da superficie as zonas improdutivas.

**TOMA DE EFECTO DO SEGURO:** Momento no que se fan efectivas as coberturas dos riscos garantidos, unha vez producida a entrada en vigor do seguro e transcorrido o período de carencia.

**VALOR DA INSTALACIÓN:** É o resultado de multiplicar as unidades reflectidas das instalacións asegurables polo prezo unitario fixado na declaración de seguro.

**VALOR REAL DA INSTALACIÓN:** É o valor efectivo do ben no momento anterior ao sinistro, resultante de deducir do valor de reposición a novo a depreciación que corresponda con base na idade transcorrida desde a construción ata o momento inmediatamente anterior ao sinistro.

**VALOR DE REPOSICIÓN A NOVO DA INSTALACIÓN:** É o valor de reconstruír o ben danado a un estado de novo utilizando materiais idénticos aos existentes ou de similares características se non se atopan. A aplicación deste valor para os efectos de indemnización requirirá da reconstrución obrigatoria do ben.

**VALOR DE PRODUCIÓN (asegurada, real esperada, final, base):** É o resultado de multiplicar a produción correspondente polo prezo unitario fixado na declaración do seguro.

**VALOR DE PRODUCIÓN GARANTIDA:** É o resultado de multiplicar o valor da produción asegurada, ou da produción base no caso de que esta produción se vise reducida por algunha das causas previstas nestas condicións, pola porcentaxe garantida.

**VIÑEDO DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS:** Aquel cuxas parcelas estean inscritas en calquera denominación de orixe ou pertenzan a viños de pago e cumpran as condicións especificadas no anexo VI.

# Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO

## 1.ª – GARANTÍAS

Asegúranse as producións de uva de vinificación, así como as súas plantacións e instalacións.

**I. SEGURO PRINCIPAL**

**I.1. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

Para as plantacións en produción, cóbrense os danos en cantidade e calidade ocasionados polos riscos cubertos especificados no anexo I sobre as producións aseguradas.

Especificamente para o resto de adversidades climáticas, garántese para o conxunto da explotación a diferenza que se rexistre entre o valor da produción garantida e o valor da produción real final, incrementada esta última coas perdas indemnizables dos restantes riscos. No caso do módulo 1, garántense todos os riscos cubertos no conxunto da explotación.

**I.2. GARANTÍA Á PLANTACIÓN**

Compensaranse as perdas que se especifican a continuación ocasionadas polos riscos cubertos especificados no anexo I.

A) Todas as plantacións: Morte da cepa.

B) Plantación en produción: Se non morreu a cepa, a perda de colleita do ano seguinte, excepto para o risco de pedrazo, que se compensará o gasto de poda.

Tanto a garantía á produción como a garantía á plantación incluirán nas parcelas que conten con instalacións a cobertura dos danos e a imposibilidade de recolección que puidesen producirse pola caída ou derrubamento das devanditas estruturas como consecuencia dos riscos cubertos.

**I.3. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS**

Cóbrense os danos ocasionados sobre as instalacións polos riscos cubertos especificados no anexo I.

**II. SEGURO COMPLEMENTARIO**

**II.1 GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

Para as plantacións en produción cóbrense os danos ocasionados por pedrazo nos módulos 1 e 2A e pedrazo, xeada, murchamento fisiolóxico e riscos excepcionais nos módulos 2B e 3, sobre a produción asegurada como complementaria de cada parcela.

## 2.ª – RISCOS CUBERTOS

### A) XEADA

Temperatura ambiental igual ou inferior á temperatura crítica mínima de cada unha das fases do desenvolvemento vexetativo do cultivo que, debido á formación de xeo nos tecidos, ocasione unha perda nos bens asegurados, con algún dos efectos seguintes:

- Morte das xemas ou conos vexetativos, con aparición de escurecemento e necrose en todo ou parte deles.
- Detención irreversible do desenvolvemento de gromos, pampos ou acios como consecuencia do murchamento ou desecamento por morte ou rotura dos tecidos, que pode chegar a provocar a súa caída.
- Morte dos órganos florais.
- Afección da raque do acio con alteración das características do froito, como desecamento ou deshidratación e/ou rotura da pel dos froitos.
- Defoliación total da cepa.

### B) MURCHAMENTO FISIOLÓXICO DA VARIEDADE BOBAL

Condicións climáticas adversas para o desenvolvemento vexetativo desta variedade durante a primavera que, debido ás baixas temperaturas por encima de 0º C, descensos bruscos destas ou contrastes hídricos acusados acompañados de períodos de abundante nebulosidade e deficiente iluminación, ocasionen unha perda nos bens asegurados como consecuencia dalgún dos efectos seguintes:

- Engrosamentos e fendeduras na base das vidras.
- Desecamentos ou necroses de gromos ou inflorescencias.
- Aparición de zonas arroibadas en talos e follas (pigmentación antociánica).

### C) PEDRAZO

Precipitación atmosférica de auga conxelada, en forma sólida e amorfa que, por efecto do impacto, ocasione perdas sobre os bens asegurados, como consecuencia de danos traumáticos.

### D) RISCOS EXCEPCIONAIS

### D.1) FAUNA SILVESTRE

Conxunto de animais vertebrados que viven en condicións naturais e que, sen requiriren do coidado do home para a súa supervivencia, ocasionen danos verificables e avaliables nos bens asegurados.

Diferénciase na fauna silvestre:

- **FAUNA CINEXÉTICA:** Danos ocasionados por aqueles animais definidos na lexislación como especies con aproveitamento cinexético.
- **FAUNA NON CINEXÉTICA:** danos causados polo resto de especies de fauna non incluídas no apartado anterior.

**D.2) INCENDIO**

Lume con chama que, por combustión ou abrasión, ocasione a perda dos bens asegurados.

**D.3) INUNDACIÓN-CHUVIA TORRENCIAL**

Considerarase ocorrido este risco cando os danos producidos na parcela asegurada sexan consecuencia de precipitacións ou procesos de desxeo de tal magnitude que ocasionen o desbordamento de ríos, rías, arroios, corgas, lagos e lagoas, que orixinen arroiadas, enchentes e riadas ou que dean lugar á apertura de comportas de presas, ríos, encoros, canles artificiais ou áreas de inundabilidade controladas, cando sexa ordenada polo organismo de bacía competente, cos seguintes efectos na zona:

- Danos ou sinais notorios do paso da augas na infraestrutura rural e/ou hidráulica, tales como camiños, muros de contención, socalcos, marxes, canles e regos.
- Danos ou sinais evidentes de enlamamento e/ou arrastre de materiais producidos na contorna da parcela sinistrada.

Logo de que ocorra un sinistro de inundación-chuvia torrencial segundo a descrición anterior, garántense as perdas sobre os bens asegurados como consecuencia de:

- Asfixia radicular, descalzamento, caídas, enterramento, enlamamentos ou arrastres do ben asegurado.
- Imposibilidade física de efectuar a recolección durante o sinistro ou nos 10 días seguintes a este.
- Pragas e enfermidades que se manifesten durante o sinistro ou nos 10 días seguintes a este debido á imposibilidade física de entrar na parcela para realizar os tratamentos oportunos.

**D.4) CHUVIA PERSISTENTE**

Precipitación atmosférica de auga que, pola súa continuidade e abundancia, produza encharcamento e/ou enlodamento e cause danos, cos efectos e/ou consecuencias, sobre os bens asegurados que abaixo se indican. Estes deben producirse de forma xeneralizada no concello onde se sitúe a parcela asegurada.

Efectos e/ou consecuencias:

- Imposibilidade física de efectuar a recolección, con sinais evidentes de alagamento que impidan realizala, durante o período de chuvias ou nos 10 días seguintes ao final deste.

- Pragas e enfermidades que se manifesten durante o período de chuvias ou nos 10 días seguintes á finalización deste, debido á imposibilidade física de realizar os tratamentos oportunos, sempre que aquelas sexan consecuencia do sinistro, de aplicación en todo o ámbito do seguro, excepto o expresado a continuación para os danos de mildio, de aplicación exclusiva no ámbito especificado no anexo I:
    - Mildio (fungo *Plasmopara viticola*): destrución total ou parcial de inflorescencias ou acios a partir do momento no que, logo de detectarse o primeiro foco de infección, se consigna este no boletín fitosanitario da estación de avisos da zona. Nas cepas afectadas, as follas presentan "manchas de aceite" no feixe, que se corresponden no envés cunha peluxe esbrancuxada. Os acios presentan curvaturas en forma de S e escurecemento da raque de cor chocolate e posterior recubrimento de peluxe esbrancuxada. Acontece o mesmo nas flores e nos grans que acaban de callar. Cando os grans superan o tamaño "chícharo" (mildio larvado), estes escurecen, engúrranse e finalmente secan. En todo caso, a comunicación do sinistro efectuarase na data límite do 10 de agosto.

### D.5) VENTO FURACANADO

Movemento de aire que, pola súa intensidade e persistencia, ocasione por acción mecánica perdas directas nos bens asegurados sempre e cando se produzan os dous efectos seguintes:

- Esgazaduras, roturas ou tronzas de gromos, pampos ou vidras por efecto mecánico do vento nas cepas aseguradas.
- Danos ou sinais evidentes producidos polo vento no contorno da parcela sinistrada.

### E) RESTO DE ADVERSIDADES CLIMÁTICAS

Considéranse amparadas as perdas producidas sobre os bens asegurados por aquelas condicións climáticas adversas non recollidas nas definicións dos riscos anteriormente descritos que, sen seren controlables polo agricultor, sexan constatables tanto na explotación asegurada como na zona en que se sitúe.

Ademais, estarán incluídos os danos ocasionados por pragas e enfermidades que, por se produciren de forma xeneralizada, non poidan ser controladas polo agricultor.

## 3.ª – EXCLUSIÓNS

### I. DE CARÁCTER XERAL

**Exclúense das garantías do seguro os danos producidos por calquera outra causa que poida preceder, acompañar ou seguir aos riscos cubertos e as enfermidades que afectan a madeira, brazos e tronco da cepa.**

## II. DE CARÁCTER PARTICULAR

### A) RISCOS EXCEPCIONAIS

#### A.1) FAUNA SILVESTRE

**Quedan excluídos os danos:**

- **Para os que o asegurado dispoña dalgún sistema de cobertura das perdas, como é o caso de compensacións oficiais establecidas con esta finalidade ou cando a devandita compensación xa estea prevista mediante acordos preestablecidos entre o produtor e o couto responsable do dano.**
- **Causados por especies cinexéticas en parcelas integradas nun couto, cando o titular do aproveitamento agrícola das devanditas parcelas sexa, pola súa vez, titular de forma relevante do aproveitamento cinexético, xa sexa de forma directa ou como socio de persoa xurídica.**

  **Non será de aplicación esta exclusión cando a titularidade do couto sexa pública.**
- **En parcelas con cultivos cuxa finalidade sexa a alimentación de especies con aproveitamento cinexético.**
- **Ocasionados por caza menor en pés que non dispoñan de protector cinexético individual.**

#### A.2) INUNDACIÓN-CHUVIA TORRENCIAL

**Quedan excluídos:**

- **Os danos producidos por inundacións provocadas pola rotura de presas, canles ou leitos artificiais como consecuencia de avarías, defectos ou vicios de construción.**
- **Os danos producidos por inundacións como consecuencia de defectos no funcionamento das drenaxes na parcela asegurada, salvo que sexan consecuencia do risco cuberto.**

**Igualmente, quedan excluídos os danos en parcelas:**

- **Situadas en terreo de dominio público con ou sen autorización administrativa.**
- **Situadas por baixo da cota de coroación de presas de encoros, augas arriba destas.**
- **Situadas en leitos de ríos, arroios e/ou corgas, ou na saída destes, sempre que non dispoñan das oportunas canalizacións para o desvío das augas.**
- **Situadas en zonas húmidas naturais (pantanosas ou encharcadizas), delimitadas de acordo coa correspondente lexislación específica.**

**A.3) CHUVIA PERSISTENTE**

**Quedan excluídos:**

- **A enfermidade producida polo fungo *Botrytis cinerea*.**
- **O deficiente callado e corremento que non sexa causado por efecto directo da acción de pragas e enfermidades.**
- **Os danos producidos por chuvias persistentes en parcelas con drenaxe insuficiente.**
- **Os danos producidos en parcelas situadas en zonas húmidas (pantanosas ou encharcadizas) naturais ou artificiais, delimitadas de acordo coa correspondente lexislación específica.**

## 4.ª – PERÍODO DE GARANTÍAS

### I. SEGURO PRINCIPAL

#### I.1. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

Inicio de garantías:

As garantías inícianse na toma de efecto e nunca antes das datas ou estados fenolóxicos especificados no anexo III.

Final de garantías:

As garantías finalizarán na data máis temperá das seguintes:

- No momento da colleita.
- No momento en que os froitos excedan a madurez comercial.
- Nas datas ou estados fenolóxicos especificados no anexo III.

#### I.2. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Inicio de garantías:

As garantías inícianse coa toma de efecto e nunca antes da implantación (arraigamento) na parcela.

Final de garantías:

As garantías finalizan na data máis temperá das seguintes:

- Os 12 meses desde que se iniciaron as garantías.
- A toma de efecto do seguro da campaña seguinte.

#### I.3. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

Inicio de garantías:

As garantías inícianse coa toma de efecto.

Final de garantías:

As garantías finalizan na data máis temperá das seguintes:

– Os 12 meses desde que se iniciaron as garantías.

– A toma de efecto do seguro da campaña seguinte.

**II. SEGURO COMPLEMENTARIO**

Inicio de garantías:

As garantías inícianse na toma de efecto e nunca antes das datas ou estados fenolóxicos que figuran no anexo III.

Final de garantías:

As garantías finalizan nas mesmas datas que as especificadas para a garantía da produción do seguro principal.

## 5.ª – ELECCIÓN DE COBERTURAS

**I. SEGURO PRINCIPAL**

O asegurado, no momento de formalizar a declaración do seguro principal, deberá concretar os seguintes aspectos relacionados cos riscos cubertos e as condicións de cobertura:

a) Deberá seleccionar entre as distintas posibilidades especificadas no anexo I o módulo de aseguramento que será de aplicación ao conxunto de parcelas da declaración de seguro, de tal maneira que todas elas estarán garantidas ante os mesmos riscos e disporán das mesmas condicións de cobertura, salvo o que se especifique na condición especial 9.ª, clases de cultivo, para explotacións con plantacións en máis dunha comarca.

b) Deberá indicar se ademais opta pola garantía ás instalacións presentes nas parcelas da explotación. Para cada parcela, individualmente, deberá sinalar as instalacións presentes nela.

**II. SEGURO COMPLEMENTARIO**

As condicións de cobertura para os riscos cubertos no seguro complementario serán as mesmas que se elixisen para o seguro principal.

# Capítulo III: BENS ASEGURABLES

## 6.ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN

**I. SEGURO PRINCIPAL**

O ámbito de aplicación deste seguro esténdese a todas as parcelas de viñedo, inscritas no rexistro vitícola ou das que se solicitase a súa regularización na data de contratación do seguro, destinadas a uva de vinificación e situadas en todo o territorio nacional, con excepción das Illas Canarias.

**II. SEGURO COMPLEMENTARIO**

O ámbito de aplicación deste seguro abranguerá as parcelas que fosen incluídas no seguro principal nos módulos 1, 2A, 2B ou 3, excepto nas parcelas de viñedos de características específicas, nas cales non será de aplicación.

## 7.ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES

Serán asegurables en calquera dos módulos as explotacións cuxo titular del seguro teña inscrita ao seu nome a explotación no Rexistro Vitícola, e admitirase que unha explotación se corresponda con varias fichas completas.

Excepcionalmente, para aquelas explotacións que non estean inscritas no Rexistro Vitícola a nome do titular do seguro, admitirase que estean inscritas nalgún rexistro oficial establecido pola Administración ou que presente ao seu nome a solicitude única de axudas da Unión Europea.

Para os efectos da aplicación de franquías e mínimos indemnizables, las explotacións clasifícanse por tipos segundo se establece no anexo II.

## 8.ª – BENS ASEGURABLES

**I. SEGURO PRINCIPAL**

Son asegurables:

- En pés: a plantación e as instalacións.
- En plantacións en produción: a produción, a plantación e as instalacións.
- As instalacións de sistemas de condución, cabezal de rega e rede de rega en parcelas, sempre que cumpran as especificacións contidas no anexo IV.

**Non serán asegurables as plantacións destinadas a experimentación ou ensaio (tanto de material vexetal como de técnicas ou prácticas de cultivo), as situadas en "hortas familiares", as correspondentes a cepas illadas nin as parcelas que se atopen en estado de abandono.**

**II. SEGURO COMPLEMENTARIO**

Son asegurables as producións de plantacións que entraron en produción, incluídas no seguro principal que teña contratados os módulos 1, 2A, 2B ou 3 e que, no momento da contratación, teñan expectativas de produción reais superiores ás inicialmente declaradas no devandito seguro principal.

## 9.ª – CLASES DE CULTIVO

Para os efectos do establecido no artigo cuarto do Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978, sobre seguros agrarios combinados, considéranse clase única o conxunto da produción e a plantación considerados como bens asegurables. A garantía sobre as instalacións presentes na parcela terá un carácter optativo pero, no caso de que se opte por esta posibilidade, deberán asegurarse todas as instalacións do mesmo tipo que reúnan as condicións para ser aseguradas.

Para asegurar as instalacións, é obrigatorio asegurar o conxunto da produción e a plantación.

En consecuencia, o asegurado que contrate este seguro debe asegurar nunha única declaración de seguro todos os bens asegurables.

Excepcionalmente, nas explotacións con parcelas en máis dunha comarca, poderase facer máis dunha declaración de seguro (máximo unha por comarca), coa condición de que cada unha delas teña máis de 50.000 € de valor de produción asegurado no seguro principal e que se contraten en módulos distintos.

# Capítulo IV: CONDICIÓNS DE ASEGURAMENTO

## 10.ª – PRAZOS DE SUBSCRICIÓN

O tomador do seguro ou o asegurado deberá subscribir a declaración do seguro nos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

**Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración que non fose subscrita dentro deste prazo.**

## 11.ª – PREZOS UNITARIOS

Os prezos unitarios para os bens asegurados que se aplicarán para os efectos do seguro, pagamento de primas e importe das indemnizacións serán fixados libremente polo asegurado, dentro dos límites establecidos para estes efectos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Ao seguro complementario aplicaránselle os mesmos prezos que ao seguro principal.

## 12.ª – RENDEMENTO UNITARIO

### I. SEGURO PRINCIPAL

#### I.1. MÓDULOS 1, 2A, 2B y 3

O asegurado fixará na declaración de seguro o rendemento unitario en cada unha das parcelas que compoñen a súa explotación en función dos rendementos obtidos en anos anteriores, de forma que o rendemento resultante de considerar a produción total e a superficie total das parcelas aseguradas (sen incluír os pés) estea comprendido entre o rendemento máximo e mínimo asignado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

**Se o rendemento unitario asegurado non se axustase ao establecido anteriormente, este quedará automaticamente corrixido de maneira proporcional nas parcelas da explotación e terase en conta na emisión do recibo de prima.**

Poderase realizar a revisión da base de datos tal e como se establece no anexo VII.

#### I.2. MÓDULO P

O asegurado poderá fixar libremente o rendemento para consignar en cada unha das parcelas que compoñen a súa explotación. O rendemento estará comprendido entre o máximo e o mínimo establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Para fixar este rendemento en plantacións en plena produción, deberase ter en conta, entre outros factores, a media dos rendementos obtidos nos anos anteriores e eliminaranse do cómputo o de mellor e o de peor resultado.

**II. SEGURO COMPLEMENTARIO**

O asegurado fixará o rendemento en cada parcela de tal forma que a suma deste rendemento e do declarado no seguro principal non supere a esperanza real de produción no momento da súa contratación.

**III. TODOS OS MÓDULOS**

**Naquelas parcelas que se aseguren a prezo de denominación de orixe, o rendemento total asegurado como suma do seguro principal e complementario en cada parcela non poderá superar o rendemento establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.**

Nas parcelas de viñedos de características específicas, o rendemento máximo asegurable para as variedades asegurables será o establecido no anexo VI.

**Nas declaracións de seguro efectuadas por produtores con rendemento asignado na base de datos, que inclúan parcelas de secaño e de regadío, a media dos rendementos declarados nas parcelas de secaño de máis de 6 anos de idade para brancas e tintas de forma independente, ponderados coas superficies declaradas en cada unha delas, non poderá ser superior á media dos rendementos declarados nas parcelas de regadío de máis de 6 anos de idade para brancas e tintas, ponderados coas superficies declaradas en cada unha delas.**

**IV. ACTUACIÓN EN CASO DE DESCONFORMIDADE**

**Se Agroseguro estivese desconforme co rendemento declarado nalgunha das parcelas, buscarase o acordo entre as partes. De non acadarse, corresponderalle ao asegurado demostrar os rendementos declarados, excepto nos casos de rendementos establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.**

## 13.ª – MEDIDAS PREVENTIVAS

Se o asegurado dispuxese dalgunha das instalacións que a continuación se relacionan, deberá reflectilo na declaración de seguro para poder gozar da bonificación prevista na prima.

**Se se constatase que as medidas preventivas declaradas non existisen, non se aplicasen ou non estivesen en condicións adecuadas de uso, o contrato poderá ser rescindido por Agroseguro mediante comunicación de tal circunstancia dirixida ao tomador, no prazo dun mes desde o coñecemento da reserva ou inexactitude.**

**Se o sinistro sobreviñer antes da devandita comunicación de Agroseguro e conseguinte emenda, aplicarase a regra de equidade, excepto se mediou dolo ou culpa grave do tomador ou asegurado, que dará lugar á perda do dereito á indemnización.**

**Medidas preventivas antixeada**

- Instalacións fixas ou semifixas de rega por aspersión con cobertura total.

  Os aspersores deberán estar situados por riba da vexetación das cepas e dispor de bocas dun calibre adecuado para a loita contra a xeada. Requírese dunha balsa ou corgo para cubrir as necesidades de auga, se é necesario, e termómetros de mínima colocados á altura das cepas.

- Instalacións fixas ou semifixas de rega por microaspersión con cobertura total.

  Os microaspersores deberán estar situados por riba da vexetación das cepas e contar con bocas dun calibre adecuado para a loita contra a xeada, cun caudal mínimo de 35 $m^3$/ha e hora; ademais, deberán cubrir a totalidade da masa arbórea. Requírese dunha balsa ou corgo para cubrir as necesidades de auga, se é necesario, e termómetros de mínima colocados á altura das cepas.

- Instalacións fixas de ventiladores en torres metálicas.

  O centro de xiro das aspas deberá estar situado de 10 a 15 m sobre o chan (capa de inversión térmica). Requírese un mínimo dun ventilador cada 5 ha.

- Instalación de candeas, estufas ou queimadores illados entre si, ou estufas ou queimadores conectados e automatizados.

  Requírese un mínimo de 400 unidades/ha para estufas a lume libre, de 300 unidades/ha no caso de candeas e de 100 unidades/ha se se trata de estufas ou queimadores con cheminea. Este número poderá variar segundo a capacidade de combustible destas.

- Instalacións mixtas de ventiladores e estufas ou queimadores.

Será necesario para todas as instalacións que cumpran as características especificadas no anexo IV.

## 14.ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS

Aplicarase unha bonificación ou unha recarga na prima do seguro principal e complementario de cada asegurado, que se calculará coa información procedente do resultado histórico deste seguro, segundo se establece a continuación:

- Medida anterior: bonificación ou recarga asignada no último plan.
- Número de plans contratados no período dos 10 últimos plans.
- I/PPCCS: suma das indemnizacións con respecto á suma das primas puras máis a prima do Consorcio de Compensación de Seguros (CCS) neta de bonificacións e recargas do período dos 10 últimos plans.

Cando se incorporen á declaración de seguro parcelas contratadas anteriormente por outro asegurado e estas representen máis do 20 % do valor de produción asegurada, terase en conta no histórico para o cálculo da bonificación ou recarga. O asegurado comunicaralle a Agroseguro o devandito cambio antes de efectuar a contratación e Agroseguro calculará a bonificación ou recarga, ponderando os históricos; se o asegurado non o comunicase, Agroseguro aplicará o devandito cambio no momento en que o detecte.

Nas declaracións de seguro subscritas polas entidades asociativas, traspasarase o resultado histórico dos socios á entidade asociativa.

## A) Asegurados con tres ou máis plans contratados dos últimos dez plans:

| N.º DE PLANS CONTRATADOS | | ≥ 5 | | | | | 3 - 4 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **RAZÓN: I/PPCCS 10 últimos plans** | | **≤ 50 %** | **> 50 % - ≤ 80 %** | **> 80 % - ≤ 105 %** | **> 105 % - ≤ 135 %** | **> 135 %** | **≤ 50 %** | **> 50 % - ≤ 80 %** | **> 80 % - ≤ 105 %** | **> 105 % - ≤ 135 %** | **>135 %** |
| **MEDIDA ANTERIOR: Bonificación ou recarga asignada no último plan** | **-20 %** | -20 % | -20 % | -20 % | -10 % | 0 % | -15 % | -15 % | -10 % | -5 % | 0 % |
| | **-15 %** | -20 % | -15 % | -15 % | -5 % | 5 % | -15 % | -10 % | -5 % | 0 % | 5 % |
| | **-10 %** | -15 % | -10 % | -10 % | 0 % | 10 % | -10 % | -5 % | 0 % | 5 % | 10 % |
| | **-5 %** | -15 % | -10 % | -5 % | 5 % | 15 % | -5 % | -5 % | 0 % | 5 % | 10 % |
| | **0 %** | -10 % | -5 % | 0 % | 10 % | 20 % | -5 % | 0 % | 0 % | 10 % | 15 % |
| | **5 %** | -10 % | 0 % | 5 % | 15 % | 25 % | -5 % | 0 % | 5 % | 15 % | 20 % |
| | **10 %** | -5 % | 0 % | 10 % | 20 % | 30 % | 0 % | 5 % | 10 % | 20 % | 25 % |
| | **15 %** | 0 % | 5 % | 15 % | 25 % | 30 % | 5 % | 10 % | 15 % | 20 % | 25 % |
| | **20 %** | 5 % | 10 % | 20 % | 30 % | 35 % | 10 % | 15 % | 20 % | 25 % | 30 % |
| | **25%** | 10 % | 15 % | 25 % | 30 % | 35 % | 15 % | 20 % | 25 % | 30 % | 35 % |
| | **30 %** | 15 % | 20 % | 30 % | 35 % | 35 % | 20 % | 25 % | 30 % | 35 % | 35 % |
| | **35 %** | 20 % | 25 % | 35 % | 35 % | 35 % | 25 % | 30 % | 35 % | 35 % | 35 % |

Os valores negativos corresponden a bonificacións e os positivos, a recargas.

Ademais, para os asegurados con medida anterior do -35 % ou -25 %:

- Se no último plan contrataron e tiveron unha ratio de I/PPCCS inferior ao 80 %, manterán esa bonificación.
- No resto dos casos, aplicaráselles o mesmo que para os asegurados cunha medida anterior do -20 %.

## B) Asegurados con 1 ou 2 plans contratados dos últimos dez plans:

Aplicaráselles a seguinte medida:

- Se a súa razón de I/PPCCS é superior ao 135 %, aplicaráselles unha recarga do 5 %. Aplicarase esta medida unicamente se o asegurado realizou contratación algún dos tres últimos plans.
- Para o resto do casos, non se lles aplicará bonificación nin recarga.

## C) Asegurados que non contrataron en ningún dos últimos tres plans:

Non se lles aplicarán bonificacións nin recargas.

## 15.ª – CONDICIÓNS TÉCNICAS MÍNIMAS DE CULTIVO

As condicións técnicas mínimas de cultivo serán as establecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

a) As prácticas de cultivo imprescindibles son:

1. Mantemento do solo en condicións adecuadas para o desenvolvemento do cultivo mediante labra tradicional ou calquera outro método.
2. Fertilización do cultivo de acordo coas necesidades deste.
3. Realización de poda ou podas adecuadas que esixa o cultivo.
4. Tratamentos fitosanitarios na forma e número necesarios para o mantemento do cultivo nun estado sanitario aceptable.

   Para os ámbitos en que se garanten os danos de mildio, o control deste risco deberá realizarse, na medida do posible, segundo o costume de cada comarca polo bo facer do agricultor.

Nas parcelas que estean inscritas en rexistros de agricultura ecolóxica, as condicións técnicas mínimas de cultivo anteriores adaptaranse no seu cumprimento ao disposto na normativa vixente sobre a produción agrícola ecolóxica.

Ademais do anteriormente indicado, e con carácter xeral, calquera outra práctica de cultivo que se utilice deberá realizarse de acordo coas boas prácticas agrarias. Todo iso en concordancia coa produción fixada na declaración do seguro.

b) En todo caso, o asegurado queda obrigado ao cumprimento de cantas normas sexan ditadas, tanto sobre loita antiparasitaria e tratamentos integrais como sobre medidas de cultivo ou preventivas de carácter fitosanitario.

c) As condicións mínimas das instalacións que se consideran imprescindibles son as reflectidas no anexo IV.

**No caso de deficiencia no cumprimento das condicións técnicas mínimas de cultivo, o asegurador poderá reducir a indemnización en proporción á importancia dos danos dela derivados e o grao de culpa do asegurado.**

## 16.ª – PAGAMENTO DA PRIMA

Unha vez realizada a declaración de seguro no período de subscrición establecido, pagarase a prima única, que poderase efectuarse ao contado ou fraccionado.

### A) PAGAMENTO AO CONTADO

A.1) Pagamento por domiciliación bancaria

O cobramento realizarase mediante domiciliación bancaria na conta especificada para tal efecto na declaración do seguro.

**Será nula e non terá efecto ningún a declaración de seguro que se reciba en Agroseguro fóra do período de subscrición establecido ou cando non se poida realizar o cobramento íntegro da prima.**

Para aquelas declaracións de seguro que se subscriban no último día do período de subscrición, consideraranse válidas se se reciben en Agroseguro ata o seguinte día hábil ao da finalización do devandito período.

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización da prima, Agroseguro aboará ou cargará o importe correspondente á devandita regularización, segundo proceda, na conta bancaria especificada para o pagamento da prima na declaración de seguro.

**Estas modificacións serán nulas e non terán ningún efecto se o importe íntegro da regularización non foi pagado, polo que en caso de sinistro tales modificacións non se terán en conta á hora de calcular a correspondente indemnización.**

A.2) Pagamento por transferencia bancaria

Excepcionalmente, poderase realizar o pagamento mediante transferencia bancaria a favor de Agroseguro en calquera das contas que esta designe para iso, sempre que na propia transferencia quede identificado o número de póliza, o NIF do asegurado e o código da liña de seguro.

**De non figurar algún dos conceptos anteriores, ou se existise unha diferenza entre o importe da prima para pagar e o importe aboado na transferencia, a contratación será nula e devolverase o importe da transferencia á conta de orixe. A declaración de seguro non terá efecto ningún.**

O pagamento deberá realizarse no período de subscrición establecido e admitirase, para aquelas declaracións de seguro que se dean de alta o último día do período de subscrición, o seguinte día hábil ao da finalización do devandito período.

A data do pagamento será a que figure no xustificante bancario como data de transferencia. Cando lle sexa requirido, débeselle remitir a Agroseguro a copia do xustificante.

**Será nula e non producirá efecto ningún a declaración de seguro cuxa prima non fose pagada nos prazos establecidos.**

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización da prima, Agroseguro aboará o importe correspondente á devandita regularización na conta do tomador ou, no caso de cargo, o tomador do seguro deberá realizar o pagamento mediante transferencia bancaria a favor de Agroseguro na conta especificada para tal efecto.

**Estas modificacións serán nulas e non terán ningún efecto se o importe íntegro da regularización non foi pagado, polo que en caso de sinistro tales modificacións non se terán en conta á hora de calcular a correspondente indemnización.**

## B) PAGAMENTO FRACCIONADO

Poderase acceder a esta forma de pagamento cando no momento de subscribir a declaración de seguro se cumpran os dous requisitos seguintes:

- O seguro debe ter, no momento da contratación, un custo a cargo do tomador superior ao importe mínimo que establece a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) para poder conceder un aval polas cantidades aprazadas.
- O asegurado debe ter contratado o correspondente aval afianzado de SAECA por unha contía que debe cubrir polo menos o importe das seguintes fraccións.

O pagamento da prima única realizarase en fraccións, segundo se especifica a continuación:

1) Primera fracción: corresponderase polo menos coa contía ou porcentaxe, establecida por SAECA no momento da contratación, do importe do custo do seguro a cargo do tomador, máis o total da contía que corresponda polo fraccionamento e o aval, que serán aboados no mesmo momento da subscrición do seguro.

   O pagamento desta primeira fracción realizarase da mesma forma establecida para o pagamento ao contado.

   **No caso de que o aval afianzado non acadase o total das seguintes fraccións, o exceso por enriba do importe avalado deberá ser aboado na primeira fracción; de non ser así, entenderase que a primeira fracción non foi aboada e, polo tanto, non terá efecto o pagamento nin a declaración de seguro, que será nula.**

2) Seguintes fraccións: corresponderanse co resto do importe do custo do seguro a cargo do tomador non aboado na primeira fracción, que será pagado mediante un recibo, que se presentará para cobramento nos prazos previstos na declaración de seguro.

   O cobramento realizarase mediante a domiciliación bancaria na conta do asegurado especificada na declaración do seguro.

   As seguintes fraccións entenderanse satisfeitas na data de emisión do recibo correspondente, salvo que, tentado o cobramento, se producise a devolución do recibo.

   No caso de non satisfacerse algunha das seguintes fraccións, Agroseguro notificaralle por escrito ao asegurado a falta de pagamento. No caso de non producirse este pagamento, pasado un mes do vencemento, Agroseguro iniciará os trámites con SAECA co fin de executar o correspondente aval.

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización das primas, Agroseguro cargará o importe correspondente á devandita regularización na conta bancaria do asegurado especificada na declaración de seguro. En caso de aboamento, reducirase a contía das seguintes fraccións. **Estas modificacións serán nulas e non terán ningún efecto se o importe íntegro da regularización non foi pagado, polo que en caso de sinistro tales modificacións non se terán en conta á hora de calcular a correspondente indemnización.**

## 17.ª – ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor do seguro dependerá da modalidade de pagamento elixida:

1) Pagamento por domiciliación bancaria: o seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte ao día da recepción da declaración de seguro en Agroseguro.
2) Pagamento por transferencia bancaria: o seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte ao día en que se pague a prima do seguro e sempre que se formalizase a declaración de seguro.

## 18.ª – PERÍODO DE CARENCIA

Establécese un período de carencia de seis días completos contados desde a entrada en vigor da declaración de seguro.

Non se aplicará o período de carencia:

– Nas declaracións de seguro principal daqueles asegurados que contrataron este seguro na campaña anterior. No entanto:
    - No caso de entidades asociativas que subscriban por primeira vez, non se aplicará o período de carencia nas parcelas que foron aseguradas polos socios da entidade na campaña anterior.
    - No caso de socios que saen dunha entidade asociativa, non se aplicará o período de carencia nas parcelas que foron aseguradas a campaña anterior pola entidade e son aseguradas na presente campaña polo socio.

  En todo caso, si se aplicará o período de carencia para o risco de xeada nas declaracións de seguro que contraten con posterioridade ao 1 de marzo.
– Nas declaracións do seguro complementario.

## 19.ª – CAPITAIS ASEGURADOS

En cada parcela distínguense os seguintes capitais asegurados diferentes:

- O da produción, soamente para as plantacións en produción.
- O da plantación, tanto para as plantacións en produción como para os pés.
- Os das instalacións, para as parcelas que dispoñan delas.

As contías son as seguintes:

## I. SEGURO PRINCIPAL

### I.1. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

O capital asegurado para todos os riscos é o 100 % do valor de produción establecido na declaración de seguro principal, excepto para os riscos de xeada e murchamento fisiolóxico no módulo P, cando o cálculo da indemnización é por parcela, que será do 80 %. Quedará, polo tanto, neste caso como descuberto obrigatorio a cargo do asegurado o 20 % restante.

### I.2. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

O capital asegurado para todos os riscos é o 100 % do valor de produción establecido na declaración de seguro principal.

### I.3. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

O capital asegurado para todos os riscos é o 100 % do valor das instalacións establecido na declaración de seguro principal.

## II. SEGURO COMPLEMENTARIO

En cada unha das parcelas unicamente existe o capital asegurado para a produción e queda fixado para todos os riscos no 100 % do valor da produción establecido para o seguro complementario.

O valor da produción asegurada en cada parcela actualizarase tras as modificacións previstas a continuación:

### A) MODIFICACIÓN DO SEGURO PRINCIPAL

Admitiranse modificacións na declaración de seguro dos módulos 1, 2A, 2B e 3, sempre e cando se cumpran os tres requisitos seguintes:

- Remitirlle a solicitude a Agroseguro ata o 1 de abril.
- Cando en Agroseguro se reciba a solicitude, a parcela obxecto de modificación non tivese sinistro polos riscos cubertos.
- As modificacións non afecten de forma significativa o contido da declaración de seguro.

### B) REDUCIÓN DO CAPITAL ASEGURADO NO SEGURO PRINCIPAL

Poderase solicitar a redución do capital asegurado cando a produción declarada no seguro se vexa minguada por causas ou riscos ocorridos durante os períodos especificados a continuación.

Para isto, o asegurado deberalle remitir a Agroseguro a solicitude de redución do capital nos prazos de comunicación que se dispoñen a seguir.

| TIPO DE REDUCIÓN | PERÍODO DE OCORRENCIA DOS RISCOS | PRAZO DE COMUNICACIÓN A AGROSEGURO | EXTORNO DA PRIMA COMERCIAL |
|---|---|---|---|
| I | Durante o período de carencia | Ata 10 días despois do fin do período de carencia | 100 % todos os riscos |
| II | Transcorrido o período de carencia, antes do inicio de garantías | Antes da finalización do período de subscrición establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación | 100 % todos os riscos |
| III | Finalizado o período de carencia e iniciadas as garantías, e ata o 15 de xullo | Ata o 15 de xullo | 45 % de pedrazo e riscos excepcionais |

(*) No tipo de redución III, admitiranse reducións de capital unicamente cando a produción se vexa diminuída por riscos distintos aos cubertos.

**Unicamente poderán ser admitidas aquelas solicitudes recibidas en Agroseguro no prazo especificado.**

**En ningún caso procederá o extorno de prima pola redución do capital solicitado cando con anterioridade á data da solicitude se declarase algún sinistro causado por algún dos riscos cubertos.**

Logo de recibir a solicitude, Agroseguro poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere oportunas para resolver en consecuencia dentro dos 20 días seguintes á recepción da comunicación.

## 20.ª – OBRIGAS DO TOMADOR E DO ASEGURADO

O tomador do seguro e/ou o asegurado están obrigados a:

1ª) Incluír na declaración de seguro todos os bens asegurables de parcelas inscritas no Rexistro Vitícola ou os previstos na condición especial de explotacións asegurables que posúa na súa explotación dentro do ámbito de aplicación.

**O incumprimento desta obriga dará lugar á seguinte penalización en función da porcentaxe que represente a superficie das parcelas sen asegurar sobre a superficie das parcelas asegurables:**

- **Inferior ou igual ao 5 %: non se aplicará ningunha penalización.**
- **Se está comprendido entre o 5 e o 25 %: para os efectos do cálculo da indemnización, deducirase a devandita porcentaxe da indemnización neta.**
- **Se é superior ao 25 %: dará lugar á perda da indemnización.**

**Estas penalizacións aplicaranse de forma independente para as parcelas en produción, para as parcelas de pés e para as instalacións.**

**En caso de non asegurar todas as instalacións, penalizarase a indemnización proporcionalmente ao valor das instalacións non aseguradas sobre o valor total das instalacións.**

2ª) Indicar para cada unha das parcelas incluídas na declaración de seguro a correspondente referencia da parcela SIXPAC, incluído o recinto.

**Cando se incumpra esta obriga, en caso de sinistro, procederase da seguinte maneira segundo o risco acontecido:**

- **Para os riscos nos que o cálculo da indemnización se fai por parcela, deducirase un 10 % da indemnización neta nas parcelas nas que se incumprise esta obriga.**
- **Para os riscos nos que o cálculo da indemnización se fai por explotación, da indemnización neta no conxunto da explotación por estes riscos deducirase a porcentaxe obtida como cociente entre a superficie que supoñen as parcelas nas que se incumpriu esta obriga e a superficie das parcelas aseguradas, cun valor máximo do 10 %.**

**En caso de ocorrencia de ambos os tipos de riscos, aplicaranse as dúas penalizacións.**

3ª) Reflectir na declaración de seguro, para cada parcela, o sistema de cultivo, a superficie real cultivada e o número de cepas e a súa idade.

**Se durante a vixencia da póliza o tomador ou asegurado detectase algún erro na superficie reflectida na declaración de seguro, comunicaralle esa circunstancia a Agroseguro para corrixila, sen ningún tipo de penalización.**

**Se durante a taxación o perito designado por Agroseguro constatase nos datos reflectidos a existencia de dolo ou culpa grave do asegurado, reducirase a indemnización neta en proporción á porcentaxe resultante da diferenza para o conxunto da explotación entre a superficie asegurada e a superficie real, sobre a superficie real.**

4ª) Reflectir na declaración de seguro, para cada instalación que se asegure, o material da estrutura e mais as súas idades desde o momento de construción ou última reforma.

5ª) Reflectir na declaración de sinistro, ou no documento de inspección inmediata, xunto aos demais datos de interese, a data prevista de colleita de cada parcela. **De non sinalala, para os efectos da condición xeral 17.ª dos contratos de seguro, relativa aos seguros agrícolas, entenderase fixada na data límite de garantías.**

6.ª) Permitirlles a Agroseguro, e aos peritos que designe, a inspección dos bens asegurados en todo momento e facilitarlles a identificación e a entrada nas parcelas aseguradas, ademais do acceso á documentación que se solicite con relación aos bens asegurados e, en concreto, as especificadas nas obrigas 1.ª) e 4.ª) desta condición.

O incumprimento desta obriga, cando impida a comprobación das parcelas que compoñen a explotación asegurada ou a adecuada valoración do risco por Agroseguro, suporá a perda do dereito á indemnización.

# Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN

## 21.ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS

Todo sinistro deberá ser comunicado polo tomador do seguro, o asegurado ou o beneficiario a Agroseguro no seu domicilio social, ou nas direccións territoriais das correspondentes zonas, no prazo de 7 días, contados a partir da data na que foi coñecido. Deben efectuarse tantas comunicacións como sinistros se produzan.

En especial, para o risco de fauna silvestre, o tomador, asegurado ou beneficiario extremarán a súa dilixencia na comunicación do sinistro nun prazo non superior ao sinalado, computado desde que se produzan os primeiros danos no cultivo.

**No caso de incumprimento, o asegurador poderá reclamar os danos e perdas causados pola falta de declaración, salvo que o asegurador tivese coñecemento do sinistro por outro medio.**

**Non terá a consideración de declaración de sinistro nin, por tanto, producirá efecto ningún aquela que non recolla o nome, apelidos ou denominación social e domicilio do asegurado, a referencia do seguro e a causa do sinistro.**

**Para ter dereito aos danos por xeada que se produzan no estado fenolóxico "A", deberase recibir en Agroseguro a declaración de sinistro con data límite do 30 de abril.**

En todo caso, é obrigatorio que calquera sinistro se comunique, como moi tarde, 30 días antes da colleita, agás para sinistros ocorridos nese intervalo. Se o incumprimento desta obriga dese lugar a que a taxación deba realizarse sobre mostras testemuñais, o asegurador non se verá obrigado a aboarlle ao asegurado o valor e os gastos de mantemento destas, que quedarán en poder do asegurado unha vez finalizado o proceso de taxación.

**Nos sinistros por incendio, o tomador do seguro ou o asegurado estarán obrigados a prestar declaración sobre o sinistro ante a autoridade competente do lugar onde acontecese e enviarán unha copia autenticada da declaración a Agroseguro. Ademais dos datos propios de toda declaración de sinistro, deberanse indicar os seguintes:**

- **As circunstancias do sinistro.**
- **Os seus causantes coñecidos ou presuntos.**
- **A contía aproximada dos danos e os medios empregados para minoralos.**

**En sinistros causados por fauna silvestre cinexética, soamente será necesario que o tomador de seguro ou o asegurado presten declaración sobre os danos ante a autoridade competente no caso de que así o pedise Agroseguro.**

**En caso de incumprimento do anteriormente especificado para os riscos de incendio e fauna silvestre cinexética, producirase a perda do dereito á indemnización.**

## 22.ª – INSPECCIÓN DOS DANOS

Unha vez que se comunique o sinistro, o perito de Agroseguro deberá presentarse no lugar dos danos para realizar a inspección nun prazo non superior a sete días no caso do pedrazo, vinte días no caso de xeada, murchamentos fisiolóxicos e riscos excepcionais e trinta días para o resto de adversidades climáticas, contados estes prazos desde que Agroseguro reciba a comunicación.

No entanto, en circunstancias excepcionais, ENESA e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderán autorizar que Agroseguro amplíe os anteriores prazos.

Para estes efectos, Agroseguro comunicaralle ao asegurado, tomador do seguro ou persoa nomeada para o efecto na declaración de sinistro, cunha antelación de polo menos 48 horas, a realización da visita, agás acordo de levala a cabo nun prazo menor.

Se Agroseguro non realizase a inspección inmediata nos prazos establecidos, en caso de desacordo na taxación, salvo que Agroseguro demostre conforme a dereito o seu criterio, aceptaranse os datos do asegurado respecto de:

– Acontecemento do sinistro.

– Cumprimento das condicións técnicas mínimas de cultivo.

– Emprego dos medios de loita preventiva.

**Se a comunicación de sinistro se recibise en Agroseguro con posterioridade a 20 días desde o acontecemento deste, Agroseguro non estará obrigada a realizar a inspección inmediata a que se refiren os parágrafos anteriores.**

**Igualmente, Agroseguro non estará obrigada a realizar esta inspección inmediata se o sinistro acontecese durante a colleita ou nos 30 días anteriores á data prevista para o seu inicio.**

## 23.ª – MOSTRAS TESTEMUÑAIS

Se, chegado o momento fixado para a colleita non se realizase a peritaxe ou non se chegase a un acordo nesta, seguindo o procedemento sinalado para a taxación contraditoria, o asegurado poderá efectuar a colleita, aínda que queda obrigado a deixar mostras testemuñais.

A) Se os sinistros os causaron riscos para os que o cálculo da indemnización se fai por parcela, as mostras testemuñais deixaranse soamente nas parcelas afectadas.

B) Se os sinistros foron causados por riscos para os que o cálculo da indemnización se fai por explotación, deixaranse as mostras testemuñais tanto nas parcelas reclamadas como naquelas parcelas nas que, malia non estaren reclamadas, o asegurado ou Agroseguro indiquen a necesidade de establecer a súa capacidade.

As mostras testemuñais deberán ter as seguintes características:

– Unidade: Cepas completas sen ningún tipo de manipulación posterior ao sinistro.

– Tamaño: Polo menos o 5 % do número total de cepas da parcela sinistrada.

– Representatividade: Deberán ser representativas do conxunto da poboación.

– Distribución: Debe ser uniforme, deixando una fila completa de cada 20 naqueles casos en que sexa posible pola extensión da parcela, ou formando unha disposición regular (cruz, aspa…) se non o fose.

Todo o anteriormente indicado establécese sen prexuízo do que para o efecto dispón a "Norma específica para a peritaxe de sinistros no cultivo de uva para viño" (en diante, NEP).

**O incumprimento de deixar mostras testemuñais das características indicadas nunha parcela sinistrada suporá as seguintes penalizacións, segundo o risco acontecido:**

**a) Se os sinistros foron producidos por riscos para os que o cálculo da indemnización se fai por parcela, suporá a perda do dereito á indemnización nesa parcela.**

**b) Se os sinistros foron producidos por riscos para os que o cálculo da indemnización se fai por explotación, procederase da forma seguinte:**

   **– Se a superficie das parcelas que incumpren o anteriormente indicado representase menos do 25 % da superficie das parcelas aseguradas, para os efectos do cálculo da indemnización considerarase que nesas parcelas había unha produción real final equivalente á produción total asegurada.**

   **– Se esa porcentaxe representa máis do 25 %, perderase o dereito á indemnización.**

## 24.ª – VALORACIÓN DOS DANOS

Establécese que a taxación dos sinistros efectuarase de acordo coa "Norma xeral de peritaxe dos danos ocasionados sobre as producións agrícolas, amparados polo seguro agrario combinado", aprobada pola Orde ministerial do 14 de marzo de 2003 (BOE do 21 de marzo) e pola "Norma específica para a peritaxe de sinistros no cultivo de uva de vinificación", aprobada pola Orde ministerial do 16 de febreiro de 1989 (BOE do 23 de febreiro).

Como complemento á norma específica, aplicaranse os seguintes aspectos:

### A) VALORACIÓN DOS DANOS EN PRODUCIÓN

#### A.1. Valoración de danos que producen a destrución total de xemas ou gromos herbáceos:

En sinistros cuxo efecto fose a destrución total das xemas ou gromos herbáceos, considerarase, para os efectos de valoración de danos en cantidade, en función do tipo de poda e xemas de carga por cepa, a seguinte corrección ao factor de recuperación, por emisión de novos gromos portadores de acios:

**Variedade: airén**

– Poda en vaso cos polgares a "dúas xemas": 50 % do número de gromos ou vidras aparecidos a partir de xemas secundarias, basilares e cegas, cando cumpra, que sexan portadores de acios susceptibles de ser apañados e comercializables antes da finalización do período de garantía.

- Poda longa con polgares de "tres xemas" ou con "uveiro" ou "vara": Igual que o indicado para o resto das variedades.

**Resto de variedades**

- Poda en vaso con polgares a "dúas xemas" e poda longa con polgares a "tres xemas", ou con "uveiro" ou "vara": segundo as características produtivas da parcela (variedade, idade, chan) determinarase en cada caso a porcentaxe de brotes ou vidras aparecidos a partir de xemas secundarias, cegas, basilares ou outras xemas, que se consideran como factor de recuperación, por ser portadores de acios susceptibles de ser recollidos e comercializables antes da finalización do período de garantía.
- Os complementarios das porcentaxes arriba establecidas considéranse como compoñentes dunha colleita normal, que computan por este motivo como produción real esperada da parcela.

**A.2. Valoración de danos en calidade para o pedrazo e a xeada:**

Efectuarase segundo os criterios que se establecen nos anexos V.1.1. e V.1.2.

**A.3. Valoración de danos en cantidade para viñedos de características específicas:**

Realizarase segundo os criterios que se establecen no anexo V.1.3.

### B) VALORACIÓN DOS DANOS EN PLANTACIÓN

Efectuarase de acordo cos criterios de valoración establecidos no anexo V.2.

### C) VALORACIÓN DOS DANOS NAS INSTALACIÓNS

Efectuarase de acordo cos criterios de valoración establecidos no anexo V.3.

## 25.ª – LÍMITE MÁXIMO DE DANOS

### PARA OS DANOS DE MILDIO:

Para o mildio, o límite máximo de danos que debe considerarse en cada parcela será do 70 % da produción real esperada da parcela.

## 26.ª – SINISTRO INDEMNIZABLE

Para o cálculo do sinistro indemnizable aplicaranse os seguintes criterios:

### 1. SINISTROS ACUMULABLES

### I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

**Para os módulos 2A, 2B, 3 e P non serán indemnizables nin acumulables os sinistros que non superen as porcentaxes que se indican a continuación segundo o risco.** Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, as porcentaxes seguintes calcularanse sobre a produción real esperada da superficie afectada.

Pedrazo:

**Non serán indemnizables nin acumulables os sinistros que individualmente non superen o 2 % da produción real esperada da parcela afectada.**

Para o módulo 3 e para o módulo P acumularanse ao risco de pedrazo os danos de xeada e/ou murchamento fisiolóxico que superen o 10 % da produción real esperada.

Xeada, murchamento fisiolóxico e riscos excepcionais:

**Non serán indemnizables nin acumulables os sinistros que individualmente non superen o 10 % da produción real esperada da parcela afectada.**

### II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

**Para todos os módulos, non serán indemnizables nin acumulables os sinistros que non superen o 10 % da produción real esperada da parcela afectada.** Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a porcentaxe anterior calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

### 2. CÁLCULO DO DANO POR RISCO

Determinarase por separado o dano producido por cada un dos riscos. Para iso, sumaranse os danos acumulables producidos por cada un dos riscos.

Para os danos de mildio, que na condición especial 25ª ten establecido un límite máximo de danos e se o resultado da suma anterior correspondente a mildio é superior a el, o resultado final axustarase ao devandito límite.

### 3. SINISTRO INDEMNIZABLE

Unha vez calculado o dano, de acordo co establecido no punto anterior, determinarase o carácter indemnizable ou non, segundo se indica a continuación:

**<u>MÓDULO 1</u>**

## I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

Para que os sinistros producidos por todos os riscos cubertos sexan considerados como indemnizables, para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) do grupo de cultivos que compoñen a explotación para os efectos de indemnización, débese cumprir algún dos dous supostos seguintes:

1) Riscos con complementario: o valor da produción real final, incrementada coas perdas dos riscos sen complementario, debe ser inferior á porcentaxe garantida elixida no anexo I.

2) Riscos sen complementario: o valor da produción real final, incrementada coas perdas indemnizables dos riscos con complementario, debe ser inferior á porcentaxe garantida elixida no anexo I.

## II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Para que os sinistros producidos por todos os riscos cubertos sexan considerados como indemnizables, o dano causado por todos eles no conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) do mesmo tipo de plantación que compoñen a explotación para os efectos de indemnización debe ser superior ao 30 % do valor da produción real esperada da explotación.

## III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

Para que un sinistro sexa considerado como indemnizable en cada instalación, débense cumprir as dúas condicións seguintes:

a) Deben existir danos nalgún dos seguintes elementos estruturais:

- Danos na ancoraxe dos postes perimetrais.
- Dobramento e/ou abatemento dalgún dos postes perimetrais.
- Rotura do trenzado de arame utilizado na unión entre postes, con abatemento e/ou dobramento dos postes interiores.

Non se requirirá a existencia de danos estruturais nos seguintes casos:

- En sinistros de incendio en todas as instalacións.
- En sinistros por calquera risco nas instalacións de rega.

b) Que o dano sexa, polo menos, a cantidade menor entre o 10 % do capital asegurado e o valor indicado no seguinte cadro, segundo o tipo de instalación:

| INSTALACIÓNS | CONTÍAS (€/instalación) |
|---|---|
| Sistemas de condución | 300 |
| Cabezal de rega | 1000 |
| Rede de rega | 300 |

**<u>MÓDULO 2A</u>**

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

<u>Pedrazo</u>:

Para que os sinistros deste risco sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 10 % da produción real esperada da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

<u>Xeada e murchamento fisiolóxico, riscos excepcionais e resto de adversidades climáticas:</u>

Para que os sinistros producidos por estes riscos sexan considerados como indemnizables, para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización, o valor da produción real final incrementada co valor das perdas indemnizables producidas polo resto de riscos debe ser inferior á porcentaxe garantida elixida no anexo 1.

**II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN**

Para que os sinistros producidos por todos os riscos cubertos sexan considerados como indemnizables, o dano causado por todos eles no conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) do mesmo tipo de plantación que compoñen a explotación para os efectos de indemnización debe ser superior ao 30 % do valor da produción real esperada da explotación.

**III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS**

As reflectidas para o módulo 1.

**<u>MÓDULO 2B</u>**

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

<u>Pedrazo</u>:

Para que os sinistros deste risco sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 10 % da produción real esperada da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

<u>Riscos excepcionais por parcela:</u>

Para que os sinistros destes riscos sexan considerados como indemnizables, a suma dos danos dos riscos excepcionais e do risco de pedrazo, deducido o dano para indemnizar do risco de pedrazo, debe ser superior ao 20 % da produción real esperada da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

Riscos excepcionais por explotación, xeada e murchamento fisiolóxico:

Para que os sinistros producidos por estes riscos sexan considerados como indemnizables, o dano causado por estes riscos no valor da produción real esperada do conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización será superior ás porcentaxes especificadas no anexo I.

Resto de adversidades climáticas:

Para que os sinistros producidos por estes riscos sexan considerados indemnizables para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización, o valor da produción real final incrementada co valor das perdas indemnizables producidas polo resto de riscos debe ser inferior á porcentaxe garantida elixida no anexo I.

## II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Para que os sinistros de todos os riscos cubertos sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 20 % da produción real esperada do mesmo tipo de plantación da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

## III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

As reflectidas para o módulo 1.

## MÓDULO 3

## I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

Pedrazo:

Para que os sinistros deste risco sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 10 % da produción real esperada da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

Xeada e murchamento fisiolóxico:

Para que os sinistros producidos por estes riscos sexan considerados como indemnizables, o dano causado por estes riscos na produción real esperada da parcela será superior ás porcentaxes especificadas no anexo I. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

Riscos excepcionais:

Para que os sinistros destes riscos sexan considerados como indemnizables, a suma dos danos dos riscos excepcionais e dos riscos de pedrazo, xeada e murchamento fisiolóxico, deducido o dano para indemnizar dos riscos de pedrazo, xeada e murchamento, debe ser superior ao 20 % da produción real esperada da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

Resto de adversidades climáticas:

Para que os sinistros producidos por estes riscos sexan considerados como indemnizables, para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización, o valor da produción real final incrementada co valor das perdas indemnizables producidas polo resto de riscos debe ser inferior á porcentaxe garantida elixida no anexo 1.

## II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Para que os sinistros de todos os riscos cubertos sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 20 % da produción real esperada do mesmo tipo de plantación da parcela afectada. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

## III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

As reflectidas para o módulo 1.

## MÓDULO P

## I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

Pedrazo:

Para que os sinistros deste risco sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 10 % da produción real esperada da parcela afectada.

Xeada e murchamento fisiolóxico:

Para que os sinistros producidos por estes riscos sexan considerados como indemnizables, o dano causado por estes riscos na produción real esperada da parcela ou no valor da produción real esperada do conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación, para os efectos de indemnización, será superior ás porcentaxes especificadas no anexo I.

Riscos excepcionais:

Para que os sinistros destes riscos sexan considerados como indemnizables, a suma dos danos dos riscos excepcionais, do risco de pedrazo e dos riscos de xeada e murchamento fisiolóxico, no caso de elixir esta cobertura por parcela, deducido o dano para indemnizar do risco de pedrazo e dos riscos de xeada e murchamento, debe ser superior ao 20 % da produción real esperada da parcela afectada.

Para todos os riscos valorados por parcela, se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, o mínimo indemnizable calcularase sobre a produción real esperada da superficie afectada.

## II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Para que os sinistros de todos os riscos cubertos sexan considerados como indemnizables, o dano causado debe ser superior ao 20 % da produción real esperada do mesmo tipo de plantación da parcela afectada.

**III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS**

As reflectidas para o módulo 1.

## 27.ª – FRANQUÍA E GARANTIDO

En caso de ser indemnizable, á suma dos danos causados por cada risco, calculados de acordo coa condición anterior, aplicaránselle as seguintes franquías:

**MÓDULO 1**

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

No caso de superar o mínimo indemnizable para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) do grupo de cultivos que compoñen a explotación, para os efectos de indemnización, indemnizarase de forma independente:

1) Riscos con complementario: a diferenza entre o garantido elixido no anexo I e o valor da produción real final incrementada coas perdas dos riscos sen complementario.
2) Riscos sen complementario: a diferenza entre o garantido elixido no anexo I e o valor da produción real final incrementada coas perdas indemnizables dos riscos con complementario.

**II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN**

Aplicarase para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) do mesmo tipo de plantación que compoñen a explotación, para os efectos de indemnización, a franquía absoluta do 20 %.

**III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS**

Non se aplicará franquía.

**MÓDULO 2A**

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

Pedrazo:

Aplicarase para cada unha das parcelas unha franquía de danos do 10 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

Xeada e murchamento fisiolóxico, riscos excepcionais e resto de adversidades climáticas:

Indemnizarase para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización a diferenza entre o garantido elixido no anexo I e o valor da produción real final, incrementada co valor das perdas indemnizables polo risco de pedrazo.

## II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Aplicarase para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) do mesmo tipo de plantación que compoñen a explotación, para os efectos de indemnización, a franquía absoluta do 20 %.

## III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

Non se aplicará franquía.

## MÓDULO 2B

## I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN

Pedrazo:

Aplicarase para cada unha das parcelas unha franquía de danos do 10 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

Riscos excepcionais por parcela:

Á suma dos danos dos riscos excepcionais e do risco de pedrazo, deducidos os danos indemnizables do pedrazo, aplicarase para cada unha das parcelas a franquía absoluta do 20 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

Riscos excepcionais por explotación, xeada e murchamento fisiolóxico:

Aplicarase para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización a franquía absoluta especificada no anexo I.

Resto de adversidades climáticas:

Indemnizarase para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización a diferenza entre o garantido elixido no anexo I e o valor da produción real final, incrementada co valor das perdas indemnizables polo resto de riscos.

## II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN

Aplicarase para o conxunto dos riscos cubertos en cada unha das parcelas e para o mesmo tipo de plantación a franquía absoluta do 20 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

## III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS

Non se aplicará franquía.

**<u>MÓDULO 3</u>**

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

<u>Pedrazo</u>:

Aplicarase para cada unha das parcelas unha franquía de danos do 10 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

<u>Xeada e murchamento fisiolóxico</u>:

Aplicarase, segundo a cobertura elixida, a franquía especificada no anexo I. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

<u>Riscos excepcionais</u>:

Á suma dos danos dos riscos excepcionais e dos riscos de pedrazo, xeada e murchamento fisiolóxico, deducidos os danos indemnizables do pedrazo, xeada e murchamento, aplicarase para cada unha das parcelas a franquía absoluta do 20 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

<u>Resto de adversidades climáticas:</u>

Indemnizarase para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación para os efectos de indemnización a diferenza entre o garantido elixido no anexo I e o valor da produción real final, incrementada co valor das perdas indemnizables polo resto de riscos.

**II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN**

Aplicarase para o conxunto dos riscos cubertos en cada unha das parcelas e para o mesmo tipo de plantación a franquía absoluta do 20 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

**III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS**

Non se aplicará franquía.

**<u>MÓDULO P</u>**

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN**

<u>Pedrazo</u>:

Aplicarase para cada unha das parcelas unha franquía de danos do 10 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

<u>Xeada e murchamento fisiolóxico</u>:

Aplicarase, segundo a cobertura elixida, a franquía por parcela ou para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación, para os efectos de indemnización, especificada no anexo I. Na valoración por parcela, se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

Riscos excepcionais:

Á suma dos danos dos riscos excepcionais, do risco de pedrazo e dos riscos de xeada e murchamento, no caso de elixir esta cobertura por parcela, deducidos os danos para indemnizar do risco de pedrazo e dos riscos de xeada e murchamento, aplicarase para cada unha das parcelas a franquía absoluta do 20 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

**II. GARANTÍA Á PLANTACIÓN**

Aplicarase para o conxunto dos riscos cubertos en cada unha das parcelas e para o mesmo tipo de plantación a franquía absoluta do 20 %. Se a superficie afectada da parcela fose superior a 1 ha, a franquía aplicarase sobre a superficie afectada.

**III. GARANTÍA ÁS INSTALACIÓNS**

Non se aplicará franquía.

## 28.ª – COMPENSACIÓNS E DEDUCIÓNS

**A) COMPENSACIÓNS**

O cálculo das compensacións realizarase de acordo co establecido na norma xeral de peritaxe e na correspondente NEP.

**B) DEDUCIÓNS**

O cálculo das deducións realizarase de acordo co establecido na norma xeral de peritaxe e na correspondente NEP.

## 29.ª – CÁLCULO E PAGAMENTO DA INDEMNIZACIÓN

**I. GARANTÍA Á PRODUCIÓN E GARANTÍA Á PLANTACIÓN**

**A) Riscos para os que o cálculo se fai de forma independente para cada parcela.**

O cálculo da indemnización efectuarase de forma independente para cada unha das parcelas, aplicando os seguintes criterios:

1. Cuantificarase a produción real esperada, a produción real final, a produción base e o dano.
2. Determinarase o valor da produción base.
3. Establecerase o carácter indemnizable ou non dos sinistros.
4. Se os sinistros resultasen indemnizables, calcularase o dano para indemnizar aplicando a franquía.
5. O importe bruto da indemnización obterase multiplicando o dano resultante anterior polo valor da produción base.
6. O importe resultante incrementarase ou minorarase coas compensacións e deducións.

7. Sobre o importe resultante aplicarase a porcentaxe de capital asegurado e a regra de equidade, e deste xeito cuantificarase a indemnización que se deberá percibir.

**B) <u>Riscos para os que o cálculo se fai para o conxunto da explotación</u>.**

O cálculo da indemnización efectuarase de forma global para estes riscos e para o conxunto das parcelas (dunha mesma comarca agraria) que compoñen a explotación, aplicando os seguintes criterios:

**B.1) <u>Módulos e riscos con garantido</u>:**

1. Cuantificarase para cada parcela o valor da produción real final, real esperada, base e, de ser o caso, o valor de produción correspondente ás perdas debidas aos diferentes riscos cubertos. Naquelas parcelas nas que non se cuantificou o valor da produción real esperada e o valor da produción real final, tomarase como estas o valor da produción total asegurada.
2. Calcularase o valor da produción real final da explotación como suma do valor da produción real final de todas as parcelas.
3. Calcularase o valor da produción base da explotación como suma do valor da produción base de todas as parcelas.
4. A continuación, establecerase o carácter indemnizable ou non dos sinistros.
5. Se o sinistro resultase indemnizable, o importe bruto da indemnización obterase como diferenza entre o valor da produción garantida destes riscos e o valor da produción real final da explotación, incrementado, de ser o caso, co valor das perdas indemnizables debidas aos restantes riscos cubertos.

   Para o módulo 1, obterase de forma independente:

   a. Para os riscos con complementario: o importe bruto da indemnización obterase como diferenza entre o valor da produción garantida destes riscos e o valor da produción real final, incrementado coas perdas dos riscos sen complementario.

   b. Para os riscos sen complementario: o importe bruto da indemnización obterase como diferenza entre o valor da produción garantida destes riscos e o valor da produción real final, incrementado coas perdas indemnizables dos riscos con complementario.
6. O importe resultante incrementarase ou minorarase coas compensacións e deducións.
7. Sobre o importe resultante aplicarase a porcentaxe de capital asegurado e a regra de equidade, e deste xeito cuantificarase a indemnización neta que se deberá percibir.

**B.2) <u>Resto de módulos e riscos</u>.**

1. Á produción real esperada e produción base de cada unha das parcelas aplicaráselles o prezo de aseguramento, co que se obtén o valor da produción real esperada e o valor da produción base. Naquelas parcelas nas que non se cuantificase a produción real esperada e a produción real final, tomarase como tales a produción total asegurada.
2. Calcularase en cada parcela o valor da produción perdida, resultante de aplicar o dano total obtido polos riscos en cada parcela ao valor de produción real esperada.

3. O valor de produción perdida no total de explotación obterase sumando os valores de produción perdida en cada unha das parcelas.
4. O dano total da explotación obterase como cociente entre o valor da produción perdida da explotación e o valor da produción real esperada da explotación.
5. A continuación, establecerase o carácter indemnizable ou non dos sinistros.
6. Se os sinistros resultasen indemnizables, aplicarase a franquía ao dano global da explotación.
7. O importe bruto da indemnización obterase multiplicando o dano resultante anterior polo valor da produción base.
8. O importe resultante incrementarase ou minorarase coas compensacións e deducións.
9. Sobre o importe resultante aplicarase a porcentaxe de capital asegurado e a regra de equidade, e deste xeito cuantificarase a indemnización neta que se deberá percibir.

## II. GARANTÍA SOBRE AS INSTALACIÓNS

O cálculo da indemnización efectuarase de forma independente para cada unha das instalacións, aplicando os seguintes criterios:

1. Calcularase en cada instalación o valor de reposición a novo.
2. Calcularase o valor dos danos, segundo se indica no anexo V.
3. A continuación establecerase o carácter indemnizable ou non de cada sinistro.
4. Sobre o importe resultante aplicarase a porcentaxe de capital asegurado, a regra de equidade e a regra proporcional, e deste xeito cuantificarase a indemnización que se deberá percibir.

   Non se aplicará a regra proporcional cando o capital asegurado difira en menos do 10 % do valor de reposición a novo en cada instalación.

Unha vez calculada a indemnización, realizarase o seu pagamento na conta bancaria do asegurado especificada na declaración do seguro.

# Capítulo VI: ANEXOS

## ANEXO I – RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓNS DE COBERTURAS

### I.1. DANOS CUBERTOS PARA CADA RISCO SEGUNDO CULTIVOS, VARIEDADES E ÁMBITOS

| Riscos cubertos | | Danos cubertos | Cultivos e variedades | Ámbito |
|---|---|---|---|---|
| Pedrazo e xeada | | Cantidade | Todos | Todo |
| | | Calidade | Variedades de denominacións de orixe (DO), de viños de pago e de viñedo de características específicas | Parcelas inscritas nas denominacións de orixe (DO) e pertencentes a viños de pago. Viñedo de características específicas |
| Murchamento fisiolóxico | | Cantidade | Variedade bobal | Todo |
| Riscos excepcionais | Mildio | Cantidade | Todos | Comunidades autónomas de Andalucía, Castela A Mancha, Estremadura, Illas Baleares, Madrid, Murcia e C. Valenciana |
| | Resto | Cantidade | Todos | Todos |
| Resto de adversidades climáticas | | Cantidade | Todos | Todos |

## I.2. PRODUTOS CONTRATABLES

## A. SEGURO DE OUTONO

### A.1. SEGURO BASE

| | **Tipo de plantación** | **Garantía** | **Riscos cubertos** | **Cálculo da indemnización** | **Garantido** |
|---|---|---|---|---|---|
| SEGURO BASE | Plantación en produción | Produción | Pedrazo<br>Riscos excepcionais<br>Xeada<br>Murchamento fisiolóxico<br>Resto de adversidades climáticas | Explotación | <u>Elixible</u>:<br>50 %<br>70 % |
| | | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Explotación | - |
| | Pés | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Explotación | - |
| | Todo tipo de plantacións | Instalacións | Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático | Parcela | - |

### A.2. GARANTÍAS ADICIONAIS

| | **Tipo de plantación** | **Garantía** | **Riscos cubertos** | **Cálculo da indemnización** | | **Garantido** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| GARANTÍA ADICIONAL 1 | Plantación en produción | Produción | Pedrazo | Parcela | | - |
| GARANTÍA ADICIONAL 2 | Plantación en produción | Produción | Xeada<br>Murchamento fisiolóxico | Explotación | | - |
| | | | Riscos excepcionais | Elixible | Explotación | - |
| | | | | | Parcela | - |
| | | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Parcela | | - |
| | Pés | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Parcela | | - |
| GARANTÍA ADICIONAL 3 | Plantación en produción | Produción | Riscos excepcionais | Parcela | | - |
| | | | Xeada<br>Murchamento fisiolóxico | Parcela | | - |
| GARANTÍA ADICIONAL 4 (1) | Plantación en produción | Produción | Resto de adversidades climáticas | Explotación | | 80 % |

(1) Elixible esta garantía adicional para os produtores que figuran na base de datos e cumpren algunha das seguintes condicións:

a) Cando menos dous anos de contratación nos módulos 1, 2A, 2B ou 3 e menos de dous anos de sinistro do risco de resto de adversidades climáticas na serie dos últimos cinco plans.

b) Razón I/PPCCS de resto de adversidades climáticas menor ao 95 % na serie dos últimos cinco plans.

## B. SEGURO DE PRIMAVERA

<table>
<tr><th></th><th>Tipo de plantación</th><th>Garantía</th><th>Riscos cubertos</th><th colspan="2">Cálculo da indemnización</th></tr>
<tr><td rowspan="7">SEGURO DE PRIMAVERA</td><td rowspan="5">Plantación en produción</td><td rowspan="4">Produción</td><td>Pedrazo</td><td colspan="2">Parcela</td></tr>
<tr><td>Riscos excepcionais</td><td colspan="2">Parcela</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Elixible:<br>Xeada e murchamento fisiolóxico</td><td rowspan="2">Elixible</td><td>Explotación</td></tr>
<tr><td>Parcela</td></tr>
<tr><td>Plantación</td><td rowspan="2">Todos os cubertos na garantía á produción</td><td colspan="2" rowspan="2">Parcela</td></tr>
<tr><td>Pés</td><td>Plantación</td></tr>
<tr><td>Todo tipo de plantacións</td><td>Instalacións</td><td>Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático</td><td colspan="2">Parcela</td></tr>
</table>

## I.3. CORRESPONDENCIA ENTRE O SEGURO BASE CON GARANTÍAS ADICIONAIS E OS MÓDULOS

<table>
<tr><th colspan="2">Seguro base con garantías adicionais</th><th>Módulos</th></tr>
<tr><td rowspan="4">Seguro de outono</td><td>Seguro base</td><td>Módulo 1</td></tr>
<tr><td>Seguro base + garantía adicional 1</td><td>Módulo 2A</td></tr>
<tr><td>Seguro base + garantías adicionais 1, 2 e 4</td><td>Módulo 2B</td></tr>
<tr><td>Seguro base + garantías adicionais 1, 2, 3 e 4</td><td>Módulo 3</td></tr>
<tr><td colspan="2">Seguro de primavera</td><td>Módulo P</td></tr>
</table>

# I.4. CONDICIÓNS DE COBERTURA

## 1.4.1. SEGURO DE OUTONO

## MÓDULO 1: Seguro base

| | | | Condicións de cobertura | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Tipo de plantación** | **Garantía** | **Riscos cubertos** | **Cálculo da indemnización** | **Capital asegurado** | **Mínimo indemnizable** | **Franquía** | **Garantido** |
| Plantación en produción | Produción | Pedrazo<br>Riscos excepcionais<br>Xeada<br>Murchamento fisiolóxico<br>Resto de adversidades climáticas | Explotación (1) (comarca) | 100 % | - | - | **Elixible:**<br><br>70 %<br>50 % |
| | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Explotación (1) (comarca) | 100 % | 30 % | Absoluta: 20 % | - |
| Pés | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Explotación (1) (comarca) | 100 % | 30 % | Absoluta: 20 % | - |
| Todo tipo de plantacións | Instalacións | Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático | Parcela | 100 % | (2) | Sen franquía | - |

(1) Explotación para os efectos de indemnización, segundo o especificado no capítulo I: Definicións.

(2) A cantidade menor entre 10 % e 300 € en sistemas de condución, 300 € en rede de rega e 1.000 € en cabezal de rega.

## **<u>MÓDULO 2A</u>: Seguro base + garantía adicional 1**

| | | | Condicións de cobertura | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Tipo de plantación** | **Garantía** | **Riscos cubertos** | **Cálculo da indemnización** | **Capital asegurado** | **Mínimo indemnizable** | **Franquía** | **Garantido** |
| Plantación en produción | Produción | Pedrazo | Parcela | 100 % | 10 % | Danos: 10 % | - |
| | | Xeada<br>Murchamento fisiolóxico<br>Riscos excepcionais<br>Resto de adversidades climáticas | Explotación (1)<br>(comarca) | 100 % | - | - | **<u>Elixible</u>:**<br><br>70 %<br>50 % |
| | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Explotación (1)<br>(comarca) | 100 % | 30 % | Absoluta:<br>20 % | - |
| Pés | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Explotación (1)<br>(comarca) | 100 % | 30 % | Absoluta:<br>20 % | - |
| Todo tipo de plantacións | Instalacións | Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático. | Parcela | 100 % | (2) | Sen franquía | - |

(1) Explotación para os efectos de indemnización, segundo o especificado no capítulo I: Definicións.

(2) A cantidade menor entre o 10 % e 300 € en sistemas de condución, 300 € en rede de rega e 1.000 € en cabezal de rega.

## <u>MÓDULO 2B</u>: Seguro base + garantías adicionais 1, 2 e 4

| Tipo de plantación | Garantía | Riscos cubertos | Condicións de cobertura: Cálculo da indemnización | Capital asegurado | Mínimo indemnizable | Franquía | Garantido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Plantación en produción | Produción | Pedrazo | Parcela | 100 % | 10 % | Danos: 10 % | - |
| | | Xeada<br>Murchamento fisiolóxico | Explotación (1) (comarca) | 100 % | (2) | (2) Absoluta | - |
| | | Riscos excepcionais | **<u>Elixible</u>**: Explotación (1) | | | | |
| | | | **<u>Elixible</u>**: Parcela | 100 % | 20 % | Absoluta: 20 % | - |
| | | Resto de adversidades climáticas | Explotación (1) (comarca) | 100 % | - | - | **<u>Elixible</u>:**<br>80 % (3)<br>70 %<br>50 % |
| | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Parcela | 100 % | 20 % | Absoluta: 20 % | - |
| Pés | Plantación | Todos os cubertos na garantía á produción | Parcela | 100 % | 20 % | Absoluta: 20 % | - |
| Todo tipo de plantacións | Instalacións | Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático. | Parcela | 100 % | (4) | Sen franquía | - |

(1) Explotación para os efectos de indemnización, segundo o especificado no capítulo I: Definicións.

(2) Mínimo indemnizable e franquías absolutas segundo o tipo de explotación definido no anexo II.

| TIPO DE EXPLOTACIÓN | MÍNIMO INDEMNIZABLE E FRANQUÍA ABSOLUTA |
|---|---|
| **1** | 30 % |
| **2** | 25 % |
| **3** | 20 % |
| **4** | 15 % |
| **5** | 10 % |

Ademais, os asegurados que teñan dereito a bonificación nas primas con tipos de explotación 1, 2, 3 e 4 (segundo o establecido na condición especial 14ª) poderán optar entre a táboa anterior ou a seguinte:

| TIPO DE EXPLOTACIÓN | MÍNIMO INDEMNIZABLE E FRANQUÍA ABSOLUTA |
|---|---|
| **1** | 25 % |
| **2** | 20 % |
| **3** | 15 % |
| **4** | 10 % |

(3) Elixible para os produtores que figuran na base de datos e cumpren algunha das seguintes condicións:

a) Cando menos dous anos de contratación nos módulos 1, 2A, 2B ou 3 e menos de dous anos de sinistro do risco de resto de adversidades climáticas na serie dos últimos cinco plans.

b) Razón I/PPCCS de resto de adversidades climáticas menor ao 95 % na serie dos últimos cinco plans.

(4) A cantidade menor entre 10 % e 300 € en sistemas de condución, 300 € en rede de rega e 1.000 € en cabezal de rega.

# **<u>MÓDULO 3</u>: Seguro base + garantías adicionais 1, 2, 3 e 4**

<table>
<tr><th colspan="3"></th><th colspan="6">Condicións de cobertura</th></tr>
<tr><th>Tipo de plantación</th><th>Garantía</th><th>Riscos cubertos</th><th>Cálculo da indemnización</th><th>Capital asegurado</th><th colspan="2">Mínimo indemnizable</th><th>Franquía</th><th>Garantido</th></tr>
<tr><td rowspan="6">Plantación en produción</td><td rowspan="5">Produción</td><td>Pedrazo</td><td>Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">10 %</td><td>Danos: 10 %</td><td>-</td></tr>
<tr><td>Riscos excepcionais</td><td>Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">20 %</td><td>Absoluta: 20 %</td><td>-</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Xeada Murchamento fisiolóxico</td><td rowspan="2">Parcela</td><td rowspan="2">100 %</td><td rowspan="2"><u>Elixible</u></td><td>10 %</td><td>Danos: 10 %</td><td>-</td></tr>
<tr><td>20 %</td><td>Absoluta: 20 %</td><td>-</td></tr>
<tr><td>Resto de adversidades climáticas</td><td>Explotación (1) (comarca)</td><td>100 %</td><td colspan="2">-</td><td>-</td><td><u>Elixible</u>:<br>80 % (2)<br>70 %<br>50 %</td></tr>
<tr><td>Plantación</td><td>Todos os cubertos na garantía á produción</td><td>Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">20 %</td><td>Absoluta: 20 %</td><td>-</td></tr>
<tr><td>Pés</td><td>Plantación</td><td>Todos os cubertos na garantía á produción</td><td>Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">20 %</td><td>Absoluta: 20 %</td><td>-</td></tr>
<tr><td>Todo tipo de plantacións</td><td>Instalacións</td><td>Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático.</td><td>Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">(3)</td><td>Sen franquía</td><td>-</td></tr>
</table>

(1) Explotación para os efectos de indemnización, segundo o especificado no capítulo I: Definicións.

(2) Elixible para os produtores que figuran na base de datos e cumpren algunha das condicións seguintes:

a) Cando menos dous anos de contratación nos módulos 1, 2A, 2B ou 3 e menos de dous anos de sinistro do risco de resto de adversidades climáticas na serie dos últimos cinco plans.

b) Razón I/PPCCS de resto de adversidades climáticas menor ao 95 % na serie dos últimos cinco plans.

(3) A cantidade menor entre o 10 % e 300 € en sistemas de condución, 300 € en rede de rega e 1.000 € en cabezal de rega.

## 1.4.2. SEGURO DE PRIMAVERA

## <u>MÓDULO P</u>: Seguro de primavera

<table>
<tr><th colspan="3"></th><th colspan="6">Condicións de cobertura</th></tr>
<tr><th>Tipo de plantación</th><th>Garantía</th><th>Riscos cubertos</th><th colspan="2">Cálculo da indemnización</th><th>Capital asegurado</th><th colspan="2">Mínimo indemnizable</th><th>Franquía</th></tr>
<tr><td rowspan="6">Plantación en produción</td><td rowspan="5">Produción</td><td>Pedrazo</td><td colspan="2">Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">10 %</td><td>Danos: 10 %</td></tr>
<tr><td>Riscos excepcionais</td><td colspan="2">Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">20 %</td><td>Absoluta: 20 %</td></tr>
<tr><td rowspan="3"><u>Elixible</u>:<br>Xeada e murchamento fisiolóxico</td><td rowspan="3"><u>Elixible</u></td><td>Explotación (1)</td><td>100 %</td><td colspan="2">(2)</td><td>(2)<br>Absoluta</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Parcela</td><td rowspan="2">80 %</td><td rowspan="2"><u>Elixible</u></td><td>10 %</td><td>Danos: 10 %</td></tr>
<tr><td>20 %</td><td>Absoluta: 20 %</td></tr>
<tr><td>Plantación</td><td rowspan="2">Todos os cubertos na garantía á produción</td><td colspan="2" rowspan="2">Parcela</td><td rowspan="2">100 %</td><td colspan="2" rowspan="2">20 %</td><td rowspan="2">Absoluta: 20 %</td></tr>
<tr><td>Pés</td><td>Plantación</td></tr>
<tr><td>Todo tipo de plantacións</td><td>Instalacións</td><td>Todos os cubertos na garantía á produción e calquera outro risco climático.</td><td colspan="2">Parcela</td><td>100 %</td><td colspan="2">(3)</td><td>Sen franquía</td></tr>
</table>

(1) Explotación para os efectos de indemnización, segundo o especificado no capítulo I: Definicións.

(2) Mínimo indemnizable e franquías absolutas segundo o tipo de explotación definido no anexo II.

| TIPO DE EXPLOTACIÓN | MÍNIMO INDEMNIZABLE E FRANQUÍA ABSOLUTA |
|---|---|
| **1** | 30 % |
| **2** | 25 % |
| **3** | 20 % |
| **4** | 15 % |
| **5** | 10 % |

Ademais, os asegurados que teñan dereito a bonificación nas primas con tipos de explotación 1, 2, 3 e 4 (segundo o establecido na condición especial 14ª) poderán optar entre a táboa anterior ou a seguinte:

| TIPO DE EXPLOTACIÓN | MÍNIMO INDEMNIZABLE E FRANQUÍA ABSOLUTA |
|---|---|
| **1** | 25 % |
| **2** | 20 % |
| **3** | 15 % |
| **4** | 10 % |

(3) A cantidade menor entre o 10 % e 300 € en sistemas de condución, 300 € en rede de rega e 1.000 € en cabezal de rega.

# ANEXO II – TIPOS DE EXPLOTACIÓN

Para os efectos de asignación de franquías e mínimos indemnizables.

| **Características da explotación** | | **Tipo de explotación** |
|---|---|---|
| **Produción asegurada total da explotación (kg) (1)** | **Sistema de condución (2)** | |
| <35.000 | Vaso | 1 |
| <35.000 | Espaleira | 2 |
| 35.000 – 140.000 | Vaso | |
| 35.000 – 140.000 | Espaleira | 3 |
| >140.000 – 300.000 | Vaso | |
| >140.000 – 300.000 | Espaleira | 4 |
| > 300.000 | Vaso | |
| > 300.000 | Espaleira | 5 |

1) Produción asegurada total da explotación (kg): É o total da produción asegurada na explotación, do seguro principal máis o complementario, expresado en quilogramos.

(2) Sistema de condución:

- Espaleira: Explotacións nas que a produción asegurada do seguro principal máis o complementario no sistema de condución de espaleira sexa igual ou superior ao 65 % da produción asegurada do total da explotación.
- Vaso: Explotacións nas que a produción asegurada do seguro principal máis o complementario no sistema de condución de espaleira sexa menor ao 65 % da produción asegurada do total da explotación.

Nas producións especificadas anteriormente non se computarán os pés nin as instalacións.

**Se non se fixase o tipo de explotación correcta ou variase esta ao facer o seguro complementario, Agroseguro corrixiraa automaticamente.**

# ANEXO III – PERÍODOS DE GARANTÍAS

## III.1. PERÍODO DE GARANTÍAS

<table>
<tr><th>GARANTÍA</th><th>RISCOS</th><th>INICIO DE GARANTÍAS</th><th>FINAL DE GARANTÍAS<br>Todos os riscos, excepto murchamento (3) e pragas e enfermidades por chuvia persistente (4)</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Produción</td><td>Pedrazo: Cantidade<br>Xeada: Cantidade<br>Murchamento fisiolóxico (1)<br>e riscos excepcionais</td><td>Módulos 1, 2A, 2B e 3:<br>Estado fenolóxico "A" (2)<br><br>Módulo P:<br>Estado fenolóxico "B" (2)</td><td rowspan="3">31 DE OUTUBRO:<br>Alacante, Albacete, Almería, Asturias, Badaxoz, Baleares, Cáceres, Cádiz, Cidade Real, Córdoba, A Coruña, Cuenca, Xirona, Granada, Huelva, Xaén, Lugo, Málaga, Murcia, Ourense, Pontevedra, Sevilla, Toledo, Valencia e Biscaia<br><br>10 DE NOVEMBRO:<br>Barcelona, Burgos, Castellón, Guadalaxara, Guipúscoa, Huesca, León, Lleida, Madrid, Navarra, Palencia, A Rioxa, Salamanca, Soria, Tarragona, Teruel, Valladolid, Zamora e Zaragoza<br><br>30 DE NOVEMBRO:<br>Áraba, Ávila, Cantabria e Segovia</td></tr>
<tr><td>Pedrazo e xeada: Calidade</td><td>Anexos III.2. e III.3</td></tr>
<tr><td>Resto de adversidades climáticas</td><td>Toma de efecto</td></tr>
<tr><td>Plantación</td><td>Todos os de produción</td><td>Toma de efecto e nunca antes da implantación (arraigamento) na parcela</td><td rowspan="2">Data máis temperá de:<br>- 12 meses desde o inicio de garantías.<br>- Toma de efecto do seguro da campaña seguinte.</td></tr>
<tr><td>Instalacións</td><td>Todos os de produción</td><td>Toma de efecto</td></tr>
</table>

(1) Para a variedade bobal, en todo o ámbito de aplicación do seguro.

(2) Para que un dano estea garantido polo seguro, son necesarias as seguintes afeccións segundo estado fenolóxico:

- Estado fenolóxico "A": a porcentaxe de xemas afectadas en estado fenolóxico "A" debe ser superior ao 20 % do total de xemas que constitúen a carga das cepas da parcela.
- Estados fenolóxicos "B" e posteriores: a porcentaxe de xemas afectadas en estados fenolóxicos "B" e posteriores debe ser superior ao 10 % do total de xemas que constitúen a carga das cepas da parcela.

(3) Para o murchamento fisiolóxico na variedade bobal, finalizan as garantías no estado fenolóxico "I" (floración ou fecundación da flor) e, polo tanto, quedan excluídos das garantías os acios callados ou en estados posteriores. En todo caso, a taxación definitiva realizarase antes da colleita.

(4) Para as pragas e enfermidades producidas por chuvias persistentes, o final de garantías é no "pintado".

## III.2. INICIO DAS GARANTÍAS PARA DANOS EN CALIDADE DE PEDRAZO E XEADA EN DENOMINACIÓNS DE ORIXE E VIÑOS DE PAGO

| PROVINCIA | INICIO DE GARANTÍAS (1) e (2) | |
|---|---|---|
| | **Variedades tintas** | **Variedades brancas** |
| Córdoba, Huelva, Cádiz | 15 de xullo | |
| Cáceres e Badaxoz | 15 de xullo | 1 de agosto |
| Alacante, Baleares, Barcelona, Xirona, Málaga, Murcia, Lleida, Sevilla, Tarragona, Valencia (3) | 25 de xullo | |
| Albacete (3), Cidade Real, Cuenca (3), Guadalaxara, Madrid, Toledo | 25 de xullo | 5 de agosto |
| Asturias, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra | 5 de agosto | 25 de xullo |
| Ávila, León, Palencia, Segovia, Valladolid | 5 de agosto | 1 de agosto |
| Zamora<br>A Rioxa, comarcas: Rioja Media e Rioja Baja<br>Navarra, comarca: La Ribera | 1 de agosto | |
| Huesca<br>Zaragoza, comarcas: Campo de Borja, La Almunia de Doña Godina<br>A Rioxa, comarca: Rioja Alta<br>Áraba, comarca: Rioja Alavesa | 5 de agosto | |
| Burgos, Salamanca, Soria | 5 de agosto | 15 de agosto |
| Guipúscoa, Biscaia e resto das comarcas de Zaragoza, Rioxa, Áraba e Navarra | 15 de agosto | |

(1) Non se iniciarán as garantías de calidade, ata que non se alcance o estado fenolóxico de "pintado" e se alcancen as datas indicadas.

(2) Inícianse as garantías respecto das datas iniciadas na táboa:

- 10 días antes:

  Brancas: Chardonay, gewurtz traminer, malvasía, moscatel de gran miúdo, sauvignon blanc.

  Ademais nas provincias de Albacete, Cidade Real, Cuenca e Toledo: 10 días antes para a variedade macabeo e 20 días antes para a variedade chardonay.

  Tintas: Merlot, pinot noir.

- 10 días despois:

  Brancas: Moscatel de Alexandría, plantanova.

  Tintas: Cabernet sauvignon, manto negro.

(3) Para a variedade tinta bobal nas comarcas de Utiel Requena (Valencia), Manchuela (Albacete) e Manchuela e Serranía Baja (Cuenca), o inicio de garantías é o 25 de xullo e no resto de comarcas é o 31 de xullo.

## III.3 INICIO E FINAL DAS GARANTÍAS PARA DANOS EN CALIDADE DE PEDRAZO E XEADA EN VIÑEDOS DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

<table>
<tr><th rowspan="2">PERÍODO</th><th rowspan="2">PROVINCIA</th><th rowspan="2">INICIO DE GARANTÍAS</th><th colspan="2">FINAL DE GARANTÍAS (1)</th></tr>
<tr><th>Variedades tintas</th><th>Variedades brancas</th></tr>
<tr><td rowspan="10">Antes de pintado</td><td>Córdoba, Huelva, Cádiz</td><td rowspan="10">Tamaño chícharo</td><td colspan="2">14 de xullo</td></tr>
<tr><td>Cáceres e Badaxoz</td><td>14 de xullo</td><td>31 de xullo</td></tr>
<tr><td>Alacante, Baleares, Barcelona, Xirona, Málaga, Murcia, Lleida, Sevilla, Tarragona, Valencia (2)</td><td colspan="2">24 de xullo</td></tr>
<tr><td>Albacete (2), Cidade Real, Cuenca (2), Guadalaxara, Madrid, Toledo</td><td>24 de xullo</td><td>4 de agosto</td></tr>
<tr><td>Asturias, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra</td><td>4 de agosto</td><td>24 de xullo</td></tr>
<tr><td>Ávila, León, Palencia, Segovia, Valladolid</td><td>4 de agosto</td><td>31 de xullo</td></tr>
<tr><td>Zamora<br>A Rioxa, comarcas: Rioja Media e Rioja Baja<br>Navarra, comarca: La Ribera</td><td colspan="2">31 de xullo</td></tr>
<tr><td>Huesca<br>Zaragoza, comarcas: Campo de Borja, La Almunia de Doña Godina<br>A Rioxa, comarca: Rioja Alta<br>Áraba, comarca: Rioja Alavesa</td><td colspan="2">4 de agosto</td></tr>
<tr><td>Burgos, Salamanca, Soria</td><td>4 de agosto</td><td>14 de agosto</td></tr>
<tr><td>Guipúscoa e Biscaia e resto de comarcas de Zaragoza, Rioxa, Áraba e Navarra</td><td colspan="2">14 de agosto</td></tr>
</table>

(1) Finalizan as garantías respecto das datas indicadas:

- 10 días antes:

  Brancas: Chardonay, gewurtz traminer, malvasía, moscatel de gran miúdo, sauvignon blanc.

  Ademais nas provincias de Albacete, Cidade Real, Cuenca e Toledo: 10 días antes para a variedade macabeo e 20 días antes para a variedade chardonay.

  Tintas: Merlot, pinot noir.

- 10 días despois:

  Brancas: Moscatel de Alexandría, plantanova.

  Tintas: Cabernet sauvignon, manto negro.

(2) Para a variedade tinta bobal nas comarcas de Utiel Requena (Valencia), Manchuela (Albacete) e Manchuela e Serranía Baja (Cuenca), o final de garantías é o 24 de xullo e no resto de comarcas é o 30 de xullo.

<table>
<tr><th rowspan="2">PERÍODO</th><th rowspan="2">PROVINCIA</th><th colspan="2">INICIO DE GARANTÍAS<br>(1) e (2)</th><th rowspan="2">FINAL DE GARANTÍAS</th></tr>
<tr><th>Variedades tintas</th><th>Variedades brancas</th></tr>
<tr><td rowspan="10">A partir do pintado</td><td>Córdoba, Huelva, Cádiz</td><td colspan="2">15 de xullo</td><td rowspan="10">Anexo III.1.<br>(4)</td></tr>
<tr><td>Cáceres e Badaxoz</td><td>15 de xullo</td><td>1 de agosto</td></tr>
<tr><td>Alacante, Baleares, Barcelona, Xirona, Málaga, Murcia, Lleida, Sevilla, Tarragona, Valencia (3)</td><td colspan="2">25 de xullo</td></tr>
<tr><td>Albacete (3), Cidade Real, Cuenca (3), Guadalaxara, Madrid, Toledo</td><td>25 de xullo</td><td>5 de agosto</td></tr>
<tr><td>Asturias, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra</td><td>5 de agosto</td><td>25 de xullo</td></tr>
<tr><td>Ávila, León, Palencia, Segovia, Valladolid</td><td>5 de agosto</td><td>1 de agosto</td></tr>
<tr><td>Zamora<br>A Rioxa, comarcas: Rioja Media e Rioja Baja<br>Navarra, comarca: La Ribera</td><td colspan="2">1 de agosto</td></tr>
<tr><td>Huesca<br>Zaragoza, comarcas: Campo de Borja, La Almunia de Doña Godina<br>A Rioxa, comarca: Rioja Alta<br>Áraba, comarca: Rioja Alavesa</td><td colspan="2">5 de agosto</td></tr>
<tr><td>Burgos, Salamanca, Soria</td><td>5 de agosto</td><td>15 de agosto</td></tr>
<tr><td>Guipúscoa e Biscaia e resto de comarcas de Zaragoza, Rioxa, Áraba e Navarra</td><td colspan="2">15 de agosto</td></tr>
</table>

(1) Non se iniciarán as garantías de calidade ata que non se alcance o estado fenolóxico de "pintado" e se alcancen as datas indicadas.

(2) Inícianse as garantías respecto das datas indicadas:

- 10 días antes:

  Brancas: Chardonay, gewurtz traminer, malvasía, moscatel de gran miúdo, sauvignon blanc.

  Ademais nas provincias de Albacete, Cidade Real, Cuenca e Toledo: 10 días antes para a variedade macabeo e 20 días antes para a variedade chardonay.

  Tintas: Merlot, pinot noir.

- 10 días despois:

  Brancas: Moscatel de Alexandría, plantanova.

  Tintas: Cabernet sauvignon, manto negro.

(3) Para a variedade tinta bobal nas comarcas de Utiel Requena (Valencia), Manchuela (Albacete) e Manchuela e Serranía Baja (Cuenca), o inicio de garantías é o 25 de xullo e no resto de comarcas é o 31 de xullo.

(4) Final de garantías da garantía á produción que se consigna no anexo III.1.

# ANEXO IV – CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS DAS INSTALACIÓNS

## IV.1. XERAIS

Os materiais utilizados, tales como postes, arames, cables etc., deberán ter o grosor adecuado e estar en boas condicións de uso; os metálicos, ademais, deben permanecer sen ferruxes que afecten a sección. En todo momento a sección libre de corrosión debe ser superior ao 70 % da sección total de cada elemento.

Dependendo do material dos postes que forman parte da estrutura, deben cumprir:

- Os de madeira deben estar tratados e descascados, sen fendas ou regañas e sen podremias.
- Os postes de formigón deberán ser pretensados e non se admitirán aqueles que presenten fendas, co fin de evitar a oxidación da súa estrutura metálica interna.
- Os postes metálicos serán galvanizados.

O deseño, os materiais utilizados e o estado de conservación deberán garantir a adecuada suxeición e estabilidade da estrutura no seu conxunto.

O asegurado deberá manter en bo estado de conservación os distintos materiais que compoñen a instalación e realizará os traballos de mantemento necesarios para evitar o agravamento do risco.

Para que as instalacións que superasen a idade máxima asegurable poidan ser asegurables, será necesario achegar unha certificación emitida por un técnico independente e visado polo colexio profesional correspondente na que se indique que, aínda que se supere esa idade, cumpre as características mínimas establecidas neste anexo.

Esta certificación terá unha validez de dous anos.

Se se incluíse na declaración de seguro algunha instalación que superase a idade asegurable e non se remitise a certificación técnica indicada, Agroseguro comunicaralle ao tomador ou asegurado por escrito esta circunstancia e daralle un prazo de 15 días para que se reciba en Agroseguro este certificado. A partir deste prazo, se non se recibiu a certificación, Agroseguro excluirá as instalacións da declaración de seguro e devolverá a súa prima íntegra.

## IV.2. ESPECÍFICOS

<u>Sistemas de condución</u>

Tipo espaleiras

Serán asegurables unicamente as instalacións de ata 25 anos de idade.

- Os postes intermedios estarán cravados a unha profundidade variable, segundo a estrutura do terreo.
- Os postes situados nos extremos estarán ancorados por tensores ou ventos desde o seu extremo, suxeitos a cavillas de metal corrugado cravados no terreo.

Tipo parreiral:

Serán asegurables unicamente as instalacións de ata 15 anos de idade.

- Cimentación: A cimentación de todos os elementos perimetrais estará formada por mortos de formigón armado con cavillas de ferro e soterrados cunha profundidade e diámetro de cavilla acordes co tipo de terreo e presión soportada.
- Altura de cume máxima de 4,50 metros para os postes interiores.
- Separación máxima entre postes de 6 m.

Cabezal de rega

Serán asegurables unicamente estas instalacións ata 20 anos de idade. Particularmente, as bombas e motores serán asegurables se teñen unha idade ata 10 anos.

Rede de rega

Serán asegurables unicamente estas instalacións ata 20 anos de idade. Particularmente, as bombas e motores serán asegurables se teñen unha idade ata 10 anos.

# <u>ANEXO V – TÁBOAS DE VALORACIÓN DE DANOS</u>

## V.1. VALORACIÓN DOS DANOS EN PRODUCIÓN

### V.1.1. TÁBOAS DE COMPENSACIÓN DE DANOS EN CALIDADE PARA O RISCO DE PEDRAZO

### V.1.1.1 PARCELAS INSCRITAS EN DENOMINACIÓNS DE ORIXE E VIÑOS DE PAGO

**a) Rioja, Ribera del Duero, Rueda, Cigales, Somontano, Bierzo, Navarra, Jerez, Cava, Penedés, Priorato, Costers del Segre e Rías Baixas.**

| | **Perdas en cantidade** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **> 15-25 %** | **> 25-50 %** | **> 50-75 %** | **> 75 %** |
| **1.ª fase** | 0 % | 20 % | 50 % | 75 % |
| **2.ª fase** | 10 % | 30 % | 75 % | 100 % |

**b) Resto de denominacións de orixe e viños de pago:**

| | **Perdas en cantidade** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **> 15-25 %** | **> 25-50 %** | **> 50-75 %** | **> 75 %** |
| **1.ª fase** | 0 % | 10 % | 40 % | 55 % |
| **2.ª fase** | 10 % | 20 % | 55 % | 100 % |

## <u>DEFINICIÓN DE FASES:</u>

**<u>1.ª fase:</u>** Desde as datas de inicio de garantías que, para os danos en calidade polo risco de pedrazo, se consignan neste condicionado segundo provincias, ata 20 días despois.

**<u>2.ª fase</u>**: Desde o final da 1ª fase ata a recolección, a data na que se exceda a madurez comercial do froito ou a data límite de garantías que, segundo as provincias, se consigna neste condicionado.

### V.1.1.2. PARCELAS DE VIÑEDOS DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

**<u>DESDE TAMAÑO CHÍCHARO ATA PINTADO</u>:**

| **Perdas en cantidade** |
|---|
| > 25 % |
| 40 % |

**<u>A PARTIR DE PINTADO</u>**

| **Perdas en cantidade** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **<= 10 %** | **> 10-15 %** | **> 15-25 %** | **> 25-50 %** | **> 50-75 %** | **> 75 %** |
| 0 % | 20 % | 50 % | 60 % | 80 % | 100 % |

## NOTAS: EXPLICACIÓN DAS TÁBOAS

- A porcentaxe que figura nas táboas aplicarase sobre a produción restante sen interpolación.
- A porcentaxe correspondente á perda en cantidade refírese á "afección" (a porcentaxe sobre a produción presente no momento do sinistro).
- Se se efectuase unha estratificación na valoración dos danos en cantidade, poderase aplicar esta para o cálculo da depreciación en calidade.
- Para varios sinistros de pedrazo dentro do período de garantías, considerarase como perda en cantidade a suma de todos eles.
- Non se acumularán ao dano de pedrazo para o cálculo da depreciación os sinistros de pedrazo anteriores ao comezo de garantías dos danos en calidade.
- Para perdas en cantidade por riscos posteriores a un cuberto por esta garantía, descontarase da produción afectada e manterase a porcentaxe de perda en cantidade para o pedrazo.

### V.1.2. TÁBOAS DE COMPENSACIÓN DE DANOS EN CALIDADE PARA O RISCO DE XEADA

### V.1.2.1. PARCELAS INSCRITAS EN DENOMINACIÓNS DE ORIXE, VIÑOS DE PAGO E VIÑEDO DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

**a) Rioja, Ribera del Duero, Rueda, Cigales, Somontano, Bierzo, Navarra, Jerez, Cava, Penedés, Priorato, Costers del Segre e Rías Baixas.**

| | | **Perdas en cantidade > 10 % ou defoliación total** |
|---|---|---|
| **ESTADO DE MADURACIÓN** | Antes da apertura da adega | 50 % |
| | 1ª semana despois da apertura da adega | 30 % |
| | 2.ª semana despois da apertura da adega | 15 % |
| | Semanas posteriores | 0 % |

**b) Resto de denominacións de orixe e viños de pago:**

| | | **Perdas en cantidade > 10 % ou defoliación total** |
|---|---|---|
| **ESTADO DE MADURACIÓN** | Antes da apertura da adega | 20 % |
| | 1ª semana despois da apertura da adega | 10 % |
| | 2ª semana e posteriores despois da apertura da adega | 0 % |

**NOTAS: EXPLICACIÓN DAS TÁBOAS**

- En caso de que o rendemento asegurado sexa superior ao máximo establecido pola DO ou viño de pago, o dano minorarase multiplicándoo polo coeficiente resultante de dividir o rendemento máximo establecido pola DO ou viño de pago entre o rendemento asegurado.
- Apertura de adega: Momento da apertura maioritaria de adegas para a recepción de uva da variedade correspondente.
- Defoliación total: Parcelas nas que máis do 90 % dos gromos teñen afectada a folla a nivel do acio de orde un, con aparición de necrose do limbo en máis do 80 % da súa superficie.
- A porcentaxe que figura nas táboas aplicarase sobre a produción restante.
- De ser producir outro sinistro de xeada, a depreciación en calidade sería a correspondente ao estado de maduración en que antes se producise.
- Para o cálculo da depreciación non se acumularán ao dano por xeada os sinistros de xeada anteriores ao comezo de garantías dos danos en calidade.
- Se se producen danos en calidade de pedrazo e de xeada, unha vez descontados os danos en cantidade e calidade sobre a produción real final do primeiro risco acontecido, aplicarase a compensación de calidade do 2.º risco acontecido.

### V.1.3.- VALORACIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS DANOS EN CANTIDADE EN VIÑEDOS DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

Os danos en cantidade determinaranse pola diferenza entre a produción base (a menor entre a produción asegurada e a PRE) e a produción real final (sen deducir os danos en calidade).

De non cumprirse os parámetros especificados no anexo VI e se a produción real esperada fose superior nun 10 % á produción asegurada máxima, axustarase a indemnización que debe percibir o asegurado:

- A compensación de danos en calidade calcularase coa táboa correspondente a parcelas inscritas en denominación de orixe ou viño de pago.
- As perdas indemnizables calcularanse aplicando a regra de equidade e as condicións de aseguramento correspondentes á denominación de orixe ou viño de pago, no lugar das características específicas.

## V.2. VALORACIÓN DOS DANOS EN PLANTACIÓN

## V.2.1. PLANTACIÓNS EN PRODUCIÓN

**A) <u>MORTE DA CEPA POR CALQUERA RISCO</u>**

Determinarase a porcentaxe de cepas mortas e calcularase o dano segundo a seguinte táboa:

| % DE CEPAS MORTAS | DANO (%) |
|---|---|
| < 20 % | % de cepas mortas |
| 20 % a 50 % | % de cepas mortas x 1,50 |
| > 50 % | Se a plantación é arrincada: 100 %<br>Se non se arranca a plantación: % de cepas mortas x 1,50, co máximo do 100 % |

Esta táboa será de aplicación cando as cepas mortas estean distribuídas en toda a parcela. No caso contrario tomarase como dano a porcentaxe de cepas afectadas.

**B) <u>PERDA DA COLLEITA DO ANO SEGUINTE</u>**

**B.1) <u>Danos ocasionados polo risco de seca</u>**

| LONXITUDE MEDIA DA VIDRA POR CEPA (cm) | % DE CEPAS DA PARCELA | DANO (%) |
|---|---|---|
| < 20 | 80-100 % | 70 % |
| < 30 | 80-100 % | 50 % |
| | 50-80 % | 35 % |
| | <50 % | 0 % |

**B.2) <u>Danos ocasionados polo risco de pedrazo</u>**

| PERDAS EN CANTIDADE (1) | COMPENSACIÓN POR GASTOS DE PODA (2) |
|---|---|
| > 80 % | A cantidade menor entre o 10 % do capital asegurado e 250 €/ha |

(1) A porcentaxe correspondente á perda en cantidade refírese á "afección" (perdas en cantidade sobre a produción presente no momento do sinistro).

(2) Sempre que se realice a poda con anterioridade ao 10 de xullo.

**B.3) <u>Danos ocasionados polos restantes riscos</u>**

Asignarase o dano a cada cepa que requira poda severa, en función da perda na súa estrutura produtiva (tronco e brazos):

| PERDA DA ESTRUTURA PRODUTIVA | DANO (%) |
|---|---|
| > 70 % | 60 % |
| 50 % a 70 % | 35 % |
| 35 % a 50 % | 20 % |
| < 35 % | 0 % |

### V.2.2. PÉS

| SINTOMATOLOXÍA NO PÉ | DANO (%) |
|---|---|
| Non afectado | 0 % |
| Danos que obriguen a realizar podas severas para efectuar a nova formación das cepas | 50 % |
| Morte do pé que obrigue a replantar | 100 % |

## V.3. VALORACIÓN DOS DANOS SOBRE AS INSTALACIÓNS

### V.3.1. EXTINCIÓN E SALVAMENTO

A valoración efectuarase polos gastos ocasionados pola aplicación das medidas necesarias para a extinción e minoración das consecuencias do sinistro, cun límite do 5 % do capital asegurado da instalación.

### V.3.2. DESENTULLO

A valoración efectuarase polo custo que supoña a execución do desentullo das instalacións aseguradas.

### V.3.3. ELEMENTOS DA INSTALACIÓN

Dependendo de se se procede ou non á reconstrución da instalación sinistrada:

**A)** Se se reconstrúe a instalación: a valoración realizarase a valor de reposición a novo, cos seguintes límites de indemnización sobre o capital asegurado (minorado co valor dos danos estimados nos apartados anteriores).

- Límite do 100 % para:
  1. Sistemas de condución en parreiral ata os 4 anos de idade.
  2. Motores e bombas ata os 5 anos de idade.
  3. Sistemas de condución en espaleira ata os 8 anos de idade.
  4. Cabezal de rega e rede de rega ata os 10 anos de idade.
- A partir das idades especificadas no apartado anterior, o límite da indemnización minorarase linealmente cada ano, en función do tempo transcorrido desde as citadas idades ata a idade máxima asegurable, momento en que o límite se establece no 60 %.

  Se por medio dunha certificación se alonga a vida útil, o límite máximo será o 60 %.

B) Se non se reconstrúe a instalación, indemnizarase a valor real.

O cálculo da depreciación farase de acordo coa idade da instalación no momento do sinistro, en función da seguinte fórmula:

D= I*100 / L.

Onde:

D = Porcentaxe de depreciación.

I= Idade da instalación antes do sinistro (anos).

L= Límite de idade asegurable (anos).

# ANEXO VI – VIÑEDOS DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

Serán asegurables baixo esta especificación aquelas parcelas que, situadas nas denominacións de orixe e viños de pago, cumpran, ao subscribiren a declaración de seguro, os parámetros produtivos que se relacionan e a partir do "pintado", os parámetros correspondentes a equilibrio vexetación-produción:

| PARÁMETROS | DENOMINACIÓNS DE ORIXE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRODUTIVOS** | **"Cualificada" RIOJA** | **"Cualificada" PRIORATO** | **BIERZO** | | **JEREZ** |
| **Variedades** | Tintas | Tintas | Tinta: Mencía | Branca: Godello | Brancas: Palomino, Pedro Ximénez ou moscatel |
| **Idade (anos)** | ≥ 15 | ≥ 10 | Vaso: ≥ 15<br>Espaleira: ≥ 10 | ≥ 10 | ≥ 15 |
| **Rendemento máximo asegurable (kg/ha)** | 5.500 | 2.500 | 7.000 | 9.000 | 9.000 |
| **EQUILIBRIO VEXETACIÓN-PRODUCIÓN – PARÁMETROS PARA CUMPRIR A PARTIR DO "PINTADO" (*)** | | | | | |
| **-Produción real esperada (PRE-kg/ha)** | ≤ 5.500 | ≤ 2.500 | ≤ 7.000 | ≤ 9.000 | ≤ 9.000 |
| **- Superficie foliar exposta / produción (SFE/P-$m^2$/kg)** | | | | | |
| • Condución vexetación libre como vaso | > 1,3 | > 1,3 | > 1,3 | > 0,8 | > 0,8 |
| • Condución vexetación dirixida como espaleira clásica | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,0 | > 0,8 |
| **-** Superficie foliar total/produción **(SFT/P$m^2$/kg)-**(vasos irregulares) | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 |
| - Lonxitude media da vidra (LV-m) | ≤ 1,4 | ≤ 1,2 (garnacha e mazuelo)<br>≤ 1,4 (var. foráneas) | ≤ 1,4 | ≤ 2 | ≤ 2,5 |

| PARÁMETROS | DENOMINACIÓNS DE ORIXE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRODUTIVOS** | **NAVARRA** | | **PENEDÉS** | | **RÍAS BAIXAS** |
| **Variedades** | Tintas | Brancas | Tintas | Brancas | Brancas: Albariño, loureira branca, treixadura, caíño branco |
| **Idade (anos)** | ≥ 15 | ≥ 15 | ≥ 15 | ≥ 15 (excepto xarel-lo ≥ 10) | ≥ 15 |
| **Rendemento máximo asegurable (kg/ha)** | 5.500 | 7.000 | 7.000 | 9.000 (excepto xarel-lo 8.000) | 9.000 |
| **EQUILIBRIO VEXETACIÓN-PRODUCIÓN – PARÁMETROS PARA CUMPRIR A PARTIR DO "PINTADO" (*)** | | | | | |
| **-Produción real esperada (PRE-kg/ha)** | ≤ 5.500 | ≤ 7.000 | ≤ 7.000 | ≤ 9.000 (excepto xarel-lo ≤ 8.000) | ≤ 9000 |
| **- Superficie foliar exposta / produción (SFE/P-m$^2$/kg)** | | | | | |
| • Condución vexetación libre como vaso | > 1,3 | > 0,8 | > 1,3 | > 0,8 | > 0,8 |
| • Condución vexetación dirixida como espaleira clásica | > 1,5 | > 1,0 | > 1,5 | > 1,0 | > 1,0 |
| **-** Superficie foliar total / produción **(SFT/P-m$^2$/kg)-**(vasos irregulares) | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 |
| - Lonxitude media da vidra (LV-m) | ≤ 1,4 | ≤ 1,4 | ≤ 1,4 | ≤ 1,5 | ≤ 2,5 |

| PARÁMETROS | DENOMINACIÓNS DE ORIXE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **PRODUTIVOS** | **RUEDA** | **RIBERA DEL DUERO** | **SOMONTANO** | | **TORO** |
| **Variedades** | Brancas: Verdejo e Sauvignon Blanc | Tintas | Tintas | Brancas | Tintas |
| **Idade (anos)** | ≥ 15 | ≥ 12 | ≥ 8 | ≥ 8 | ≥ 15 |
| **Rendemento máximo asegurable (kg/ha)** | 7.000 | 5.000 | 5.500 | 7.000 | 4.500 |
| **EQUILIBRIO VEXETACIÓN-PRODUCIÓN – PARÁMETROS PARA CUMPRIR A PARTIR DO "PINTADO" (*)** | | | | | |
| **-Produción real esperada (PRE-kg/ha)** | <= 7.000 | <= 5.000 | <= 5.500 | <= 7.000 | <= 4.500 |
| **- Superficie foliar exposta / produción (SFE/P-m$^2$/kg)** | | | | | |
| • Condución vexetación libre como vaso | > 0,8 | > 1,3 | > 1,3 | > 0,8 | > 1,3 |
| • Condución vexetación dirixida como espaleira clásica | > 1,0 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,0 | > 1,5 |
| **-** Superficie foliar total / produción **(SFT/P-m$^2$/kg)-**(vasos irregulares) | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 |
| - Lonxitude media da vidra (LV-m) | ≤ 2 | ≤ 1,4 | ≤ 1,4 | ≤ 1,8 | ≤ 1,4 |

| **PARÁMETROS** | **RESTO DE VARIEDADES E DE DENOMINACIÓNS DE ORIXE E VIÑOS DE PAGO (1)** |
|---|---|

| **PRODUTIVOS** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Variedades** | Tintas | | Brancas | |
| | Vaso | Espaleira | Vaso | Espaleira |
| **Idade (anos)** | ≥ 15 | ≥ 15 | ≥ 10 | ≥ 10 |
| **Rendemento máximo asegurable (kg/ha)** | 4.500 | 5.500 | 5.500 | 7.000 |

| **EQUILIBRIO VEXETACIÓN-PRODUCIÓN – PARÁMETROS PARA CUMPRIR A PARTIR DO "PINTADO" (*)** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **-Produción real esperada (PRE-kg/ha)** | <= 4.500 | <= 5.500 | <= 5.500 | <= 7.000 |
| **- Superficie foliar exposta / produción (SFE/P-$m^2$/kg)** | | | | |
| Condución vexetación libre como vaso | > 1,3 | | > 0,8 | |
| Condución vexetación dirixida como espaleira clásica | | > 1,5 | | > 1,0 |
| **-** Superficie foliar total / produción **(SFT/P-$m^2$/kg)-**(vasos irregulares) | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 | > 1,5 |
| - Lonxitude media da vidra (LV-m) | ≤ 1,4 | ≤ 1,4 | ≤ 2,0 | ≤ 2,0 |

(1) Aplícase ao resto de variedades das denominacións de orixe detalladas nos cadros anteriores, así como á totalidade de variedades do resto de denominacións de orixe e viños de pago.

# EQUILIBRIO VEXETACIÓN-PRODUCIÓN. PARÁMETROS PARA CUMPRIR A PARTIR DO "PINTADO"

## SUPERFICIE FOLIAR EXPOSTA (SFE):

***Concepto:***

Superficie foliar sa, activa e "moi ben exposta".

Para os efectos de cálculo, enténdese por superficie foliar exposta a superficie externa da vexetación, desprezando a parte interior que nunca recibe radiación solar directa.

***Cálculo da superficie foliar exposta:***

**A) Condución con vexetación dirixida, como a espaleira:**

SFE= perímetro externo (PE) x lonxitude da espaleira (LE) x % ocos en vexetación (1) = $m^2$/ ha.

(1) Redución dunha porcentaxe estimable segundo os ocos na vexetación.

PE = altura da vexetación x 2 + anchura da vexetación.

LE = 10.000/ancho da rúa.

**B) Condución con vexetación libre, como o vaso.**

Adoptarase a forma xeométrica que mellor se adapte á vexetación (troncos de cono invertidos, semiesferas ou semicilindros etc.) e, unha vez coñecidas as súas dimensións, calcularase a superficie foliar exposta ou externa da devandita forma xeométrica.

Se non houbese ningunha forma xeométrica que se adaptase suficientemente á vexetación, utilizarase o parámetro superficie foliar total (SFT). Este parámetro calcularase aplicando a ecuación: SFT ($cm^2$) = 27 Lv (cm), onde Lv (cm)= n.º de vidras x lonxitude media da vidra (cm). No caso de utilizar esta superficie foliar total, o valor da relación SFT/P debe ser maior que os valores expresados en $m^2$/kg, segundo a denominación de orixe que corresponda.

Para ambos os tipos de condución e no caso de que se utilice o parámetro superficie foliar exposta, haberá que descontar, se existe, a proporción de ocos na vexetación, así como a proporción de follas deterioradas por seca, senescencia, clorose, carencias pronunciadas e enfermidades. Estas follas deterioradas tamén haberá que descontalas no cálculo da superficie foliar total.

**PRODUCIÓN (P):** Determinarase por reconto de acios e peso da uva.

**RELACIÓN DA SUPERFICIE FOLIAR EXPOSTA ($m^2$) E PRODUCIÓN DE UVA (kg):**

Presenta o valor SFE / P ($m^2$/kg).

**LONXITUDE DA VIDRA**

Determinarase en calquera momento do período de maduración da uva. Se a vidra foi despuntada, a lonxitude total que se considerará será a suma da lonxitude da vidra principal máis a lonxitude dos diferentes netos desenvolvidos.

# ANEXO VII- REVISIÓN DE RENDEMENTOS

A revisión da base de datos poderá ser realizada de oficio polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou por pedimento do asegurado.

## VII.1. REVISIÓN DA BASE DE DATOS

### VII.1.1. Revisión da base de datos de oficio polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Se durante a vixencia da declaración do seguro se detectase que o rendemento asignado á explotación fose superior á realidade produtiva desta, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará a análise e o control do rendemento asignado que, no caso de que se comprobe a citada falta de adecuación, poderá dar lugar á modificación do rendemento asignado, con independencia dos axustes que, con base nestas condicións especiais, poida realizar o asegurador.

Cando o coñecemento da devandita falta de adecuación tivese a súa orixe nunha visita de inspección en campo, a comunicación ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do desacordo coa actuación asignada deberá realizarse con quince días de antelación á finalización das garantías dos riscos cubertos sobre a produción asegurada.

### VII.1.2. Solicitude da revisión da base de datos por pedimento do asegurado

Os asegurados que consideren que os rendementos asignados non se axustan á realidade produtiva da súa explotación por algunha das causas que se indican a continuación poderán solicitar a revisión da base de datos.

#### VII.1.2.1. Cambio de titularidade da explotación

Poderase solicitar revisión por esta causa cando polo menos se incorpore o 50 % da superficie de viñedo doutra explotación e a devandita superficie represente polo menos o 20 % da superficie asegurada na declaración de seguro do solicitante.

No entanto, cando o cambio de titularidade sexa consecuencia dunha transmisión hereditaria, poderase solicitar a devandita revisión cando afecte un único herdeiro ou, en caso de afectar máis dun, a superficie herdada por cada un deles sexa a mesma ou a diferenza entre as devanditas superficies non supere un 10 %.

#### VII.1.2.2. Erros da serie produtiva

Poderase solicitar a revisión por esta causa cando se detecten erros nos datos empregados da serie produtiva.

Os agricultores que estean nalgunha destas circunstancias poderán solicitar a revisión da base de datos **ata 10 días despois da finalización do período de subscrición deste seguro.** Para iso deberán:

1. Formalizar a declaración do seguro a nome do titular co rendemento asignado que figura na base de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Cursar a solicitude a Agroseguro, no seu domicilio social, c/ Gobelas, 23, 28023 Madrid, no impreso establecido para tal efecto, na cal se deberán consignar o nome ou a razón social do solicitante, o seu NIF ou CIF, o seu domicilio, o código postal e o teléfono.

**Unicamente se atenderán aquelas solicitudes que sexan recibidas antes dos 10 días seguintes á finalización do período de subscrición e que vaian acompañadas da seguinte documentación:**

– Copia do NIF do titular da explotación.

– Copia da declaración de seguro formalizada polo titular da explotación.

– Copia do rexistro vitícola.

– Nos casos de cambio de titularidade, ademais, deberase achegar:

  - Copia do NIF do antigo titular.

  - Copia do rexistro vitícola do antigo e do novo titular.

    No caso de que o rexistro vitícola estea en trámite, requirirase a certificación da consellería ou do departamento de agricultura competente na xestión do rexistro vitícola de que as parcelas de viñedo da explotación obxecto de aseguramento figuran a nome do novo titular.

    Nos casos de cambio de titularidade como consecuencia dunha sucesión hereditaria a máis dun herdeiro, xustificarase achegando copia dos documentos que se relacionan:

    - Testamento ou declaración de herdeiros.

    - Escritura de aceptación e de participación hereditaria.

– Para a revisión de erros na serie produtiva, a documentación que xustifique a existencia de erros.

  Ademais, poderase achegar calquera outra documentación que se considere oportuna.

## VII.2 RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN DAS REVISIÓNS DA BASE DE DATOS

### VII.2.1. Revisión da base de datos de oficio polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

A resolución das revisións efectuadas de oficio polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicaráselles ao asegurado e a Agroseguro nos 60 días seguintes desde que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación teña coñecemento da falta de adecuación do rendemento asignado.

### VII.2.2. Revisión da base de datos por pedimento do asegurado

Agroseguro comunicaralle ao asegurado a resolución da solicitude, de acordo cos criterios establecidos por ENESA, nun prazo non superior aos 60 días, contados a partir da finalización do período de subscrición, e procederase da forma seguinte:

1. Se a solicitude é atendida favorablemente, Agroseguro actualizará a declaración de seguro co novo rendemento e regularizará o correspondente recibo de prima, agás renuncia expresa do asegurado á declaración do seguro recibida en Agroseguro no prazo de 20 días desde a comunicación da resolución.
2. Se a solicitude for rexeitada, terá validez a declaración de seguro formalizada inicialmente, salvo a renuncia expresa do asegurado recibida en Agroseguro no prazo de 20 días desde a comunicación da resolución.

Agroseguro comunicaralle a ENESA a relación de solicitudes aprobadas ou denegadas tanto para os cambios de titularidade como para a corrección de posibles erros nos datos da serie produtiva.

CE: 312/2024